

III Plan director da cooperación galega

2014-2017

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Xunta de Galicia



XUNTA DE GALICIA

Documento elaborado por José Luis Pastoriza Rozas
a pedimento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Xunta de Galicia

Edita

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Xunta de Galicia

Textos e coordinación editorial

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Deseño e maquetación

WINDSOCK

Depósito legal versión impresa

C1130-2014

III Plan director da cooperación galega 2014-2017

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Xunta de Galicia



XUNTA DE GALICIA

Listaxe de acrónimos e siglas

AECID	Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento
AH	Acción Humanitaria
AOD	Axuda Oficial ao Desenvolvemento
BPG	Ben público global
BPR	Ben público rexional
CAD	Comité de Axuda ao Desenvolvemento da OCDE
CCAA	Comunidades autónomas
CEDAW	Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller
CGONGD	Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento
CINCODE	Comisión Interdepartamental de Cooperación para o Desenvolvemento
CINTERCODE	Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento
CONGACODE	Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento
DIH	Dereito Internacional Humanitario
DXRREE e UE	Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
EELL	Entidades locais
FOGACOSOL	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
IDH	Índice de desenvolvemento humano
LA	Liña de acción
MAEC	Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación
MAP	Marcos de asociación país
NNUU	Nacións Unidas
ODM	Obxectivos de desenvolvemento do milenio
ODS	Obxectivos de desenvolvemento sustentable
OE	Orientación estratéxica
ONGD	Organización non governamental de desenvolvemento
OSC	Organizacións da Sociedade Civil
PACI	Plan anual da cooperación internacional
PIB	Produto interior bruto
PNUD	Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento
PROFOPAC	Programa para a formación da pesca artesanal en Centroamérica
RX	Resultado de xestión
SDXCE	Subdirección Xeral de Cooperación Exterior
UNESCO	Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura
XED	Xénero en desenvolvemento

Índice

1. Introducción	7
2. Os fundamentos renovados da cooperación galega	10
2.1. A nova axenda global de desenvolvemento	10
2.2. Os nosos logros e desafíos colectivos	16
2.3. Unha nova misión e visión da cooperación galega	19
2.4. Os principios e criterios da política pública de cooperación	20
2.5. As capacidades da cooperación galega	22
3. As orientacións estratéxicas da cooperación galega	24
O.E.1. Consolidar procesos democráticos e o Estado de dereito	24
O.E.2. Reducir as desigualdades e a vulnerabilidade á pobreza extrema e ás crises	25
O.E.3. Promover oportunidades económicas para as persoas en situación de pobreza ou en risco de exclusión	27
O.E.4. Fomentar sistemas de cohesión social, salientando os servizos sociais básicos	29
O.E.5. Promover os dereitos das mulleres e a igualdade de xénero	31
O.E.6. Mellorar a provisión de bens públicos globais e rexionais, como a sustentabilidade ambiental e a diversidade das expresións culturais e a interculturalidade	33
O.E.7. Respostar ás crises humanitarias con calidade	34
O.E.8. Construír unha cidadanía global comprometida co cambio social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable	35
4. Prioridades xeográficas, transversais e sectoriais	38
4.1. Prioridades xeográficas	38
4.2. Prioridades transversais	40
4.3. Prioridades sectoriais	40
5. O marco de resultados de xestión	43
R.X.1. A cooperación galega alía o seu marco normativo, estratéxico e operativo coa axenda global de desenvolvemento	43
R.X.2. A cooperación galega concentra a súa axuda no exterior con criterios de eficacia	46
R.X.3. A cooperación galega especializa a súa axuda nos sectores nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas	48
R.X.4. Os actores e axentes da cooperación galega coordinan e complementan as súas actuacións para contribuír a resultados de desenvolvemento	48
R.X.5. Os actores e axentes da cooperación galega fortalecen a súa capacidade institucional para un maior alcance das súas actuacións	49

R.X.6. A cidadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da cooperación galega na loita contra a pobreza	51
R.X.7. A cooperación galega mellora a planificación e xestión das actuacións en educación para o desenvolvemento	52
6. As modalidades e instrumentos de axuda	53
6.1. Convocatorias públicas	53
6.2. Outros instrumentos	55
7. As aprendizaxes da cooperación galega: seguimento e avaliación	57
8. Anexos	59
8.1. Países prioritarios da cooperación galega e principais parámetros sociais e económicos	59
8.2. Distribución sectorial da AOD da Xunta de Galicia	61
8.3. Marco de resultados de xestión do III Plan director da cooperación galega (2014-2017)	62

1. Introducción

1. Introducción

1. No ano 2013 celebramos o X aniversario da aprobación no Parlamento de Galicia da *Lei 3/2003, de 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento*. Neste decenio transcorrido desde a súa entrada en vigor, a sociedade galega ten dado mostras do seu compromiso solidario con aquelas comunidades e países empobrecidos que procuran activamente a realización do seu dereito ao desenvolvemento. Desde 1992 a Xunta de Galicia ten liderado este compromiso colectivo do pobo galego coa cidadanía destes países contribuíndo aos seus esforzos por conquistaren unha vida digna liberada das trampas da pobreza e das desigualdades. Esta implicación na solidariedade global atopou a súa expresión de madurez e responsabilidade na devandita lei e nos dous plans directores da cooperación galega aprobados por unanimidade no Parlamento de Galicia nos anos 2006 e 2010.
2. Este *III Plan director da cooperación galega para o Desenvolvemento (2014-2017)* xorde da vontade de profundar na eficacia e calidade da contribución que a cidadanía galega realiza a través da política pública de cooperación ao desenvolvemento aos esforzos dos países e comunidades socios. Estes países están a exercer o liderado dos seus procesos de desenvolvemento nun contexto internacional que demanda a construción dunha globalización máis xusta e solidaria. Por outra banda, este novo ciclo de planificación quere dar continuidade á modernización estratéxica e operativa da cooperación galega que impulsaron os anteriores plans directores liderados pola Xunta de Galicia e que teñen facilitado o contarmos hoxe en día cun sistema galego de cooperación máis especializado, con maior experiencia e cun tecido social máis activo e con maior capacidade para a consecución de logros colectivos na loita contra a pobreza e as desigualdades globais.
3. Non obstante, este plan director nace nunha situación económica que afectou os recursos financeiros que a sociedade galega a través das súas administracións públicas pon á disposición do desenvolvemento doutros pobos. Como acontece co conxunto da cooperación española, esta realidade de recursos limitados demanda á cooperación galega ser máis efectiva e concentrar as súas accións naqueles eidos nos que pode realizar unha achega de maior valor. Non obstante, este feito non implica renunciar á aspiración colectiva da cidadanía galega de poder destinar no futuro e nun contexto económico máis favorable o 0,7% do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia a axuda oficial ao desenvolvemento tal e como recomendan a *Lei 3/2003 de cooperación para desenvolvemento* e o *pacto galego contra a pobreza*. Xa que logo, o III Plan director nace cun enfoque realista de xeito que os resultados e as accións definidas baséanse tanto nunha análise colectiva e cabal das capacidades e recursos dispoñibles como nas leccións deitadas pola experiencia nestes máis de vinte anos de cooperación galega.

1. Introducción

4. Dentro do proceso de consolidación da mellora da calidade e eficacia da cooperación galega esta nova estratexia presenta as seguintes características diferenciadoras:

- A aposta por unha política pública de cooperación centrada na xeración de cambios positivos e sostibles nas condicións de vida das persoas nas comunidades e países socios cos que traballa a cooperación galega.
- O aliñamento coa nova axenda global de desenvolvemento e coa cooperación española para contribuír aos esforzos colectivos da cidadanía galega e española por promover o desenvolvemento humano sostible, a diminución da pobreza e o pleno exercicio dos dereitos humanos nos países socios.
- A racionalización e simplificación do seu marco estratéxico para promover un maior alcance e impacto da axuda galega como propugna o modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento.
- A procura dun maior valor engadido da axuda a través da súa previsibilidade financeira con garantías de solvencia e sostenibilidade; da súa concentración xeográfica en 10 países prioritarios (Mozambique, Cabo Verde, Bolivia, Ecuador, Perú, República Dominicana, Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador) e da súa especialización nos sectores nos que Galicia conta con vantaxes comparativas (agricultura e desenvolvemento rural, pesca e acuicultura, educación, xestión dos recursos hídricos e abastecemento de auga e educación para o desenvolvemento).

5. Xunto con esta aposta por unha cooperación ao desenvolvemento máis eficaz e estratéxica, a cooperación galega tamén se quere caracterizar ao longo da execución deste novo plan director por ser unha cooperación:

- *Que salva vidas*: a través dunha acción humanitaria integral e de calidade coordinada coa cooperación española e co resto de cooperación autónomas.
- *Que aprende*: a través das avaliacións externas e independentes das súas actuacións, compartindo estas aprendizaxes co resto de actores e axentes de cooperación.
- *Que innova*: aprendendo e profundando na experiencia da Xunta de Galicia nas alianzas de traballo nos sectores de especialización da cooperación galega.
- *Que fortalece*: desenvolvendo a capacidade técnica e institucional dos axentes galegos de cooperación para unha cooperación eficaz e de calidade.

1. Introducción

- *Que dialoga:* coas institucións e organizacións socias de desenvolvemento e cos actores e axentes galegos de cooperación para unha construción participativa da nosa acción colectiva solidaria global.
6. Para acadar todos estes progresos precísase simultaneamente reforzar o apoio e confianza da cidadanía galega. Por este motivo, tal e como aconteceu durante a vixencia do anterior plan director, a cooperación galega seguirá a ser unha política pública transparente que rende contas activamente á cidadanía galega dos logros colectivos na loita contra a pobreza global así como do cumprimento dos resultados previstos neste III Plan director. Ademais, apoiarase o traballo de promoción dunha conciencia solidaria crítica na cidadanía galega e a súa participación e compromiso activo nas accións de solidariedade a nivel local e global nun horizonte de transformación social e xeración de cambios positivos e sostibles na vida das persoas.
7. A Xunta de Galicia a través deste *III Plan director da cooperación galega (2014-2017)* ofrece, unha outra volta, unha ferramenta útil e realista que permitirá a Galicia realizar unha contribución eficaz e ordenada aos procesos de desenvolvemento dos nosos países socios. A través dun proceso participativo e de diálogo con base nos logros e aprendizaxes pasadas identificáronse uns resultados comúns, unhas capacidades compartidas e novas oportunidades para a actuación complementaria do conxunto de actores e axentes galegos de cooperación. Xa que logo, este ciclo de planificación nace da conciencia da corresponsabilidade da sociedade galega na realización dos ideais de xustiza, liberdade, igualdade e fraternidade que alentan o traballo cotiá en Galicia e nos países socios de persoas, organizacións e gobernos comprometidos coa realización dos dereitos humanos na loita contra a pobreza e as desigualdades locais e globais.

O presente plan recibiu o apoio do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, reunido o 13 de decembro de 2013, sendo aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 19 de decembro de 2013 e recibindo a aprobación do Parlamento de Galicia o 18 de marzo de 2014.

2. Os fundamentos renovados da cooperación galega

2. Os fundamentos renovados da cooperación galega

8. Este plan director expresa unha renovada reflexión colectiva sobre o sentido e o valor da cooperación galega nun contexto de intensa transformación global que tamén afecta o papel e relevancia da cooperación ao desenvolvemento tal e como tiña sido concibida tradicionalmente. Non obstante, o proceso de adaptación permanente á axenda internacional de desenvolvemento da cooperación galega toma como punto de partida os principios definidos na *Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento* e nos anteriores plans directores, os logros e aprendizaxes dos últimos anos e o valor engadido e vantaxes comparativas da nosa cooperación. Neste apartado analizaranse os principais elementos da nova axenda global de desenvolvemento e os logros e desafíos para a cooperación galega, definirase unha renovada misión e visión e presentaranse os principios e criterios que inspiran e orientan as accións de cooperación lideradas pola Xunta de Galicia.

2.1. A nova axenda global de desenvolvemento

9. Os anteriores plans directores da cooperación galega estableceron como ámbito estratéxico de actuación a contribución á redución da pobreza colaborando na consecución dos obxectivos de desenvolvemento do milenio (ODM). Os ODM materializaron os compromisos contraídos pola comunidade internacional na Declaración do Milenio aprobada no Cumio do Milenio das Nacións Unidas no ano 2000. As oito metas establecidas para seren conseguidas no 2015 configuraron unha axenda compartida de traballo para toda a comunidade de desenvolvemento con base na corresponsabilidade dos gobernos e sociedades civís dos países en desenvolvemento e dos doadores públicos e privados respecto da consecución de avances reais na satisfacción de necesidades básicas, na promoción da equidade de xénero e mais en sustentabilidade ambiental.

CADRO 1: Obxectivos de desenvolvemento do milenio

1. Erradicar a pobreza extrema e a fame
2. Lograr o ensino primario universal
3. Promover a igualdade entre os xéneros e a autonomía da muller
4. Reducir a mortalidade infantil
5. Mellora a saúde materna
6. Combater o VIH/SIDA, o paludismo e outras doenzas
7. Garantir a sustentabilidade do ambiente
8. Fomentar unha asociación mundial para o desenvolvemento

2. Os fundamentos renovados da cooperación galega

10. Malia as súas limitacións, os ODM teñen facilitado toda unha serie de conquistas relacionadas coa dignidade e calidade de vida das persoas en situación de pobreza e vulnerabilidade. Ao tempo, permitiron orientar as accións e esforzos de cooperación ao desenvolvemento a través dun marco de traballo común que favoreceu unha maior coordinación e que posibilitou a verificación e avaliación dos progresos por mor das metas concretas cuantificables que acompañaban aos ODM. Non obstante, estes avances tamén teñen sido acelerados polas altas taxas de crecemento das economías emerxentes. Con todo, os datos dispoñibles revelan a presenza de desigualdades nos progresos tanto a nivel rexional, como o caso de África Subsahariana, como a nivel dos diferentes ODM. Neste senso fican retos pendentes no seu cumprimento en saúde materno-infantil, a SIDA e outras doenzas transmisibles, a igualdade de xénero, a seguridade alimentaria ou a sostenibilidade do ambiente.

CADRO 2: Retos pendentes no desenvolvemento global a partir do 2015⁽¹⁾

1. *Erradicar a pobreza extrema e a fame:* 1.200 millóns de persoas viven en situación de pobreza extrema e 870 millóns pasan fame, dos cales 100 millóns son crianzas de menos de 5 anos.
2. *Lograr o ensino primario universal:* 57 millóns de nenos e nenas non asisten á escola e 123 millóns de mozos e mozas non saben ler ou escribir.
3. *Promover a igualdade entre os xéneros e a autonomía da muller:* as nenas e mulleres seguen sufrindo limitacións no seu acceso á educación, ao emprego ou á participación política en condicións de igualdade.
4. *Reducir a mortalidade infantil:* no 2011 faleceron case 7 millóns de nenos e nenas menores de 5 anos, en moitos casos por enfermidades previsibles.
5. *Mellorar a saúde materna:* 50 millóns de nenos e nenas nacen sen atención especializada no parto e 900 millóns de mulleres non acceden a servizos de planificación familiar.
6. *Combater a VIH/SIDA, o paludismo e outras doenzas:* No 2011 vivían 34 millóns de persoas co VIH e menos da metade tivo acceso a un tratamento, déronse 200 millóns de casos de paludismo e case 9 millóns de tuberculose.
7. *Garantir a sostenibilidade do ambiente:* 768 millóns de persoas empregan fontes de auga non mellorada e tan só a metade da poboación mundial ten acceso a saneamento, 863 millóns viven en tugurios e desde 1990 as emisións de CO₂ aumentaron un 46%.
8. *Fomentar unha asociación mundial para o desenvolvemento:* os países desenvolvidos tan só destinaron o 0,29% da súa renda nacional bruta a Axuda Oficial ao Desenvolvemento, que está a sufrir un recorte global especialmente na axuda destinada aos Países Menos Adiantados.

(1) NACIONES UNIDAS (2013), *Objetivos de desarrollo del milenio. Informe de 2013*, Nova York: Nacións Unidas.

2. Os fundamentos renovados da cooperación galega

11. A curto prazo, a principal tarefa a nivel internacional desenvolverase na definición dunha nova axenda post-2015 que fortaleza os avances conseguidos pero que inclúa aquelas dimensións ausentes nos ODM e que resultan fundamentais para o desenvolvemento, como a coherencia de políticas, a gobernanza democrática, a participación cidadá, os dereitos humanos, a seguridade alimentaria, o traballo decente ou o crecemento económico inclusivo. Os denominados Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) configurarán o miolo da axenda global de desenvolvemento para os vindeiros anos. Neste senso, desde a aprobación do *II Plan director da cooperación galega* no 2010 celebráronse dous encontros internacionais que marcarán a axenda dos vindeiros anos: o *IV Foro de Alto Nivel sobre a Eficacia da Axuda* (Busán, Corea do Sur) de 2011 e a *Conferencia de Nacións Unidas sobre Desenvolvemento Sostible* (Río de Xaneiro, Brasil) de 2012, tamén coñecida como Río +20. No primeiro caso, este cumio propuxo unha renovada axenda de eficacia da cooperación ao desenvolvemento con base en alianzas inclusivas para o desenvolvemento que salientan a necesidade de que o proceso de desenvolvemento sexa apropiado e liderado activa e efectivamente por parte dos países socios e que se xeren mecanismos de transparencia e responsabilidade mutua cun enfoque en resultados de desenvolvemento que poña en valor e aproveite as complementariedades de todos os actores de desenvolvemento ao servizo da xeración de cambios positivos, sostibles e a longo prazo na vida das persoas en situación de pobreza ou en risco de exclusión. No segundo caso, Río +20 profundou nas bases para a promoción de modelos de desenvolvemento sostible a nivel global que contra-resten os efectos da degradación ambiental e refreen o cambio climático provocado polo actual modelo predominante de desenvolvemento.
12. Xuntamente con esta nova axenda global de desenvolvemento, estase a debuxar un novo mapa da pobreza máis complexo e acompañado da persistencia e crecemento das desigualdades a nivel global. O crecemento económico ten feito que moitos países socios da cooperación galega e española pasen a ser considerados países de ingreso medio. Non obstante, esta nova clasificación económica non ten implicado a superación das desigualdades, a mellora da cohesión social ou a redución das bolsas de pobreza que os caracterizan. A cooperación española ten apostado por manter o seu apoio a este grupo de estados fronte aos procesos de retirada doutros doadores xa que, malia o aumento progresivo das súas propias capacidades institucionais e sociais, seguen precisando de apoio no minguamento da vulnerabilidade á que está exposta a súa cidadanía en tanto os beneficios do crecemento económico non alcancen ao conxunto da sociedade e o sistema público de gobernanza, a arquitectura institucional e as políticas públicas presenten debilidades.
13. A inserción da cooperación galega no sistema europeo e español de cooperación determinan a necesidade de reforzar a coherencia da axenda do sistema galego de cooperación coas axendas europea e española. O *Programa para o cambio* da Unión Europea, principal doador a nivel mundial, establece un compromiso co

2. Os fundamentos renovados da cooperación galega

incremento do impacto da axuda a través da concentración en menos países e naqueles sectores relevantes para un crecemento a longo prazo, sendo precisa unha maior coordinación entre os países europeos para reducir a fragmentación e a dispersión da axuda, fomentar as complementariedades e a división de traballo e contribuír a resultados de desenvolvemento. O *IV Plan Director da Cooperación Española para o Desenvolvemento (2013-2016)* define un perfil renovado da cooperación española para avanzar na súa especialización e superación das limitacións dun sistema de cooperación singular no contexto internacional caracterizado polo protagonismo da cooperación descentralizada pública das comunidades autónomas e entidades locais. Malia os valores positivos desta diversidade, téñense detectado atrancos que minúan o valor da axuda española no seu conxunto como a dispersión xeográfica; a fragmentación da axuda; as débiles capacidades institucionais; unha arquitectura institucional inadaptada e insostible; a fragmentación, atomización e disfuncionalidade do marco estratéxico e operativo; a baixa coordinación entre os actores e un deficiente sistema de rendición de contas e avaliación. Para a corrección destas inercias, o novo plan director define unha axenda de reestruturación da cooperación española que aumente o valor dos seus esforzos colectivos a través da xestión orientada a resultados de desenvolvemento, a especialización sectorial, a concentración xeográfica, a coordinación efectiva de actores, o fortalecemento de capacidades e a mobilización de recursos para o desenvolvemento.

14. Dentro desta nova axenda global, a cooperación descentralizada e a actuación dos gobernos subestatais en cooperación ao desenvolvemento están adquirindo un maior protagonismo. A Xunta de Galicia salientou esta relevancia nos dous ditames elaborados en 2011 a pedimento do Comité de Rexións da Unión Europea sobre o *Libro verde da Comisión Europea sobre o futuro da política de desenvolvemento* e mais sobre a *Comunicación da Comisión Europea sobre o incremento do impacto da política de desenvolvemento da UE: un programa para o cambio*. En continuidade coa comunicación *Autoridades Locais: actores para o desenvolvemento* da Comisión Europea do ano 2008, estes ditames reivindicaron as fortalezas e o valor engadido da cooperación descentralizada que se poñen de manifesto nos seguintes elementos:

1. A xeración de asociacións e alianzas de desenvolvemento a longo prazo e irmanamentos con institucións homólogas no Sur reforzando a apropiación democrática local do proceso de desenvolvemento.
2. A aposta pola educación para o desenvolvemento no nivel da concienciación crítica da sociedade e da mobilización social a favor dun maior compromiso coa participación solidaria e coa política pública de cooperación.
3. A maior capacidade de resposta ás necesidades locais pola súa proximidade e presenza territorial así como polo desenvolvemento de coñecementos especializados

2. Os fundamentos renovados da cooperación galega

nos sectores que tradicionalmente propician a redución da pobreza (urbanización, auga e saneamento, xestión de residuos, servizos sociais, etc.) capitalizando as súas propias capacidades para a xestión de políticas públicas a nivel local e rexional.

4. A experiencia e competencias en desenvolvemento territorial e local, descentralización e fortalecemento da gobernanza democrática local.
 5. A promoción de asociacións multiactor cun alto protagonismo, liderado e participación das organizacións da sociedade civil no Sur e no Norte.
15. As características da cooperación galega, cunha canalización maioritaria da axuda a través de organizacións da sociedade civil (OSC), especialmente ONGD, determinan que se deba prestar unha especial atención ao fortalecemento da capacidade destes actores para a súa participación plena como actores lexítimos de desenvolvemento. Por este motivo, a cooperación galega orientará os seus esforzos a fortalecer ás OSC tomando como referencia o marco de traballo inspirado polos *Principios de Istambul para a eficacia do desenvolvemento das OSC* aprobados no ano 2010 na asemblea global do *Open Forum for CSO Development Effectiveness*.

2. Os fundamentos renovados da cooperación galega

CADRO 3: Principios de Istanbul para a eficacia do desenvolvemento das OSC

1. *Respectar e promover os dereitos humanos e a xustiza social:* As OSC son eficaces como actores de desenvolvemento cando... desenvolven e executan estratexias, actividades e prácticas que promoven os dereitos humanos individuais e colectivos, incluíndo o dereito ao desenvolvemento con dignidade, traballo decente, equidade e xustiza social para todas as persoas.
2. *Incorporar a igualdade e a equidade de xénero promovendo de vez os dereitos das mulleres e as nenas:* As OSC son eficaces como actores de desenvolvemento cando... promoven e practican unha cooperación ao desenvolvemento que integra a equidade de xénero, reflectindo as preocupacións e a experiencia das mulleres, mentres apoian os esforzos das mulleres para a realización dos seus dereitos individuais e colectivos de xeito que participen como actoras empoderadas no proceso de desenvolvemento.
3. *Centrarse no empoderamento das persoas e na súa participación e apropiación democrática:* As OSC son eficaces como actores de desenvolvemento cando... apoian o empoderamento e participación inclusiva das persoas para ampliar a súa apropiación democrática sobre as políticas e iniciativas de desenvolvemento que afectan ás súas vidas, cunha especial atención ás persoas pobres e marxinas.
4. *Promover a sustentabilidade medioambiental:* As OSC son eficaces como actores de desenvolvemento cando... desenvolven e implementan prioridades e enfoques que promoven a sustentabilidade medioambiental para as xeracións presentes e futuras, incluíndo respostas urxentes ás crises ambientais, cunha atención específica ás condicións socio-económicas, culturais e indíxenas que afectan á xustiza e integridade ecolóxicas.
5. *Practicar a transparencia e rendición de contas:* As OSC son eficaces como actores de desenvolvemento cando... demostran un compromiso institucional estable coa transparencia, a rendición de contas a todos os niveis, e a honestidade nas súas operacións internas.
6. *Procurar asociacións igualitarias e a solidariedade:* As OSC son eficaces como actores de desenvolvemento cando... se comprometen en relacións transparentes con outras OSC e outros actores de desenvolvemento, en liberdade e en igualdade de condicións, baseadas en obxectivos de desenvolvemento e valores compartidos, no respecto mutuo, a confianza, a autonomía organizativa, o acompañamento a longo prazo, a solidariedade e a cidadanía global.
7. *Crear e compartir coñecemento e comprometerse coa aprendizaxe mútua:* As OSC son eficaces como actores de desenvolvemento cando... fortalecen os medios para aprender da súa experiencia, doutras OSC e actores de desenvolvemento, integrando as evidencias e os resultados das prácticas de desenvolvemento, incluíndo o coñecemento e a sabedoría das comunidades locais e indíxenas, fortalecendo a súa capacidade para a innovación e para definir a súa propia visión de futuro.
8. *Coprometerse a realizar cambios sostibles e positivos:* As OSC son eficaces como actores de desenvolvemento cando... colaboran para acadar impactos e resultados sostibles nas súas accións de desenvolvemento, centrándose nos resultados e condicións para o cambio perdurable para as persoas, cun enfoque especial nas poboacións pobres e marxinas, asegurando e preservando o seu legado para as xeracións presentes e futuras.

2. Os fundamentos renovados da cooperación galega

16. En conclusión, a cooperación galega deberá integrar activamente a axenda global de desenvolvemento adaptándoa ás oportunidades e posibilidades reais de contribución activa ao seu cumprimento con base nas súas fortalezas, experiencia, capacidades e recursos e salientado a achega específica que os gobernos rexionais e locais e as organizacións da sociedade civil poden realizar ao desenvolvemento humano sostible. Neste senso, a principal atención a curto prazo deberá centrarse na análise dos obxectivos internacionais de desenvolvemento que resulten do proceso global de definición da axenda post-2015 para determinar colectivamente co conxunto de actores e axentes galegos de cooperación as implicacións que estes obxectivos teñen para o marco estratéxico e operativo da cooperación galega.

2.2. Os nosos logros e desafíos colectivos

17. Ao abeiro do *II Plan director da cooperación galega (2010-2013)* desenvolveuse un ciclo completo de seguimento e avaliación a través da realización de cadansúa avaliación externa e independente de seguimento no ano 2012 e final no 2013. Estes exercicios de avaliación permitiron definir con precisión toda unha serie de logros acadados entre 2010 e 2013 e mais aqueles retos e desafíos pendentes para a cooperación galega de cara a este novo ciclo de planificación.
18. O anterior plan director definiu unha ambiciosa axenda de reformas de cara á mellora da eficacia e calidade da axuda galega. Malia as limitacións orzamentarias e a redución sufrida polo orzamento efectivamente dispoñible en cooperación ao desenvolvemento, os principais logros da cooperación galega neste período foron:
1. *A eficacia no logro de resultados* xa que foron executados plena e satisfactoriamente 58 dos 68 indicadores previstos no II Plan director, o que representou un éxito global do 85% na execución. Xa que logo, o marco de resultados deste plan director orientou o liderado da Xunta de Galicia e facilitou a concentración dos esforzos do equipo técnico responsable e dos axentes de cooperación na consecución dos obxectivos, medidas de política e produción institucional previstas no mesmo.
 2. *A solvencia e sostenibilidade financeira* da cooperación galega cun total de case 29 millóns de euros destinados a cooperación ao desenvolvemento entre 2010 e 2013, dos cales o 93% foi achegado pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cun total de 26 millóns. Ademais, executouse o 94% do orzamento previsto entre 2010 e 2013 e as axudas comprometidas aos diversos axentes de cooperación foron desembolsadas puntualmente.
 3. *O liderado e protagonismo da cooperación galega dentro da cooperación autonómica* xa que participou activamente nos seus espazos de coordinación e medrou no seu posicionamento dentro da cooperación autonómica española, pasando da

2. Os fundamentos renovados da cooperación galega

posición 13ª en 2010 á 9ª en 2013 en relación ao volume de fondos e da 15ª á 10ª posición en relación ao esforzo inversor.

4. *O aliñamento da cooperación galega coa axenda global do desenvolvemento*, contribuíndo á realización dos ODM e á axenda de eficacia da axuda a través de:
 - a. *A concentración xeográfica da axuda* ao destinar o 90% dos seus recursos desembolsados no exterior aos 12 países prioritarios definidos no II Plan director e á poboación saharauí.
 - b. *A especialización sectorial* da cooperación galega, cun 54% dos seus recursos desembolsables investidos nos sectores nos que conta con vantaxes comparativas: agricultura e desenvolvemento rural, educación, pesca e acuicultura, xestión integral e gobernanza de recursos hídricos, habitabilidade básica e abastecemento de auga e saneamento; e educación para o desenvolvemento.
 - c. *A corrección da fragmentación da axuda* cun aumento significativo do promedio de financiamento por actuación e actividade apoiando accións de maior envergadura e alcance.
 - d. *O fomento da coordinación e complementariedade* entre actores e axentes contribuíndo á renovación da acción exterior do Estado a través da súa actuación coordinada coa cooperación española e con outras cooperación autónómicas e da súa participación en iniciativas multiactor con financiamento externo.
5. *A transparencia e rendición activa de contas á cidadanía dos seus logros colectivos* a través de:
 - a. *A accesibilidade da información* na web da cooperación galega sobre a planificación da cooperación galega, os seus instrumentos de axuda, as intervencións financiadas, as avaliacións das súas actividades e os resultados anuais de xestión.
 - b. *Un alto nivel de diálogo* cos axentes galegos de cooperación, especialmente coas ONGD, que xestionaron o 70% dos recursos desembolsables e constitúen os principais aliados da Xunta de Galicia para a xestión e canalización da axuda nas actividades da cooperación galega.
 - c. *A promoción da participación activa* dos axentes de cooperación nos espazos formais (CONGACODE) e mais no deseño das convocatorias de axudas públicas, nas avaliacións impulsadas pola Xunta de Galicia e no proceso de planificación deste III Plan director da cooperación galega.

2. Os fundamentos renovados da cooperación galega

19. Estes logros acentuaron o perfil específico da cooperación galega cun estilo baseado no diálogo inclusivo, a transparencia e rendición de contas, a garantía de solvencia financeira e a aposta pola eficacia e por unha xestión eficiente dos recursos postos á súa disposición pola cidadanía galega a través dos seus impostos.
20. Malia todos estes logros do anterior ciclo de planificación, aínda quedan retos pendentes en relación á superación das inercias e atrancos da cooperación galega. Os principais retos e desafíos para a cooperación galega detectáronse nos seguintes aspectos:
 1. *A corrección da baixa previsibilidade orzamentaria:* como acontecera nos anteriores plans directores segue pendente de asegurarse unha dotación orzamentaria estable, previsible e suficiente que garanta a consistencia financeira dos plans directores co seu marco operativo de xeito que se poida asegurar o maior grao posible de cumprimento das accións previstas e un despregue pleno do seu músculo operativo, especialmente no relativo á publicación e resolución das convocatorias públicas de axudas aos axentes de cooperación.
 2. *A superación das limitacións do marco normativo regulador da cooperación galega:* a *Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento* ten promovido a maduración e modernización estratéxica, operativa e institucional do sistema galego de cooperación. Non obstante, os seguintes pasos neste itinerario de modernización demandan actualizar o marco normativo para consolidar os progresos conseguidos, dotando á cooperación galega dun marco doutrinal renovado con base legal, de órganos de coordinación e participación máis operativos e funcionais e dunha normativa de subvencións adaptada ás características da cooperación ao desenvolvemento.
 3. *A compensación da debilidade institucional dos actores e axentes galegos de cooperación:* a actual crise económica ten agudizado a asimetría existente no sistema galego de cooperación, aumentando o peso da Xunta de Galicia no total da Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) de Galicia e minguando as achegas das entidades provinciais e locais. Por outra banda, esta asimetría afecta tamén á arquitectura institucional, ás capacidades de xestión e ao marco instrumental o que limita as posibilidades de coordinación e de aproveitamento de complementariedades entre actores. Ao tempo, a crise ten debilitado aos axentes de cooperación, especialmente ás ONGD, que por mor da elevada dependencia de fondos públicos teñen visto reducidos significativamente os seus ingresos o que ten afectado á súa capacidade organizativa e de recursos humanos. Por último, as ONGD constitúen os principais aliados e socios da Xunta de Galicia na xestión e canalización da axuda. De todos os xeitos, semella necesario xerar incentivos para aumentar a heterexoneidade e diversidade dos axentes de cooperación para

2. Os fundamentos renovados da cooperación galega

o aproveitamento das súas capacidades especializadas ou das súas potenciais sinerxías de traballo co resto de axentes e actores.

4. *A introdución dunha nova cultura de xestión e aprendizaxe*: a pesar dos avances experimentados na xestión da axuda e no desenvolvemento dunha cultura de avaliación e aprendizaxe organizativa, estes esforzos deberán ser complementados coa integración do modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento. Este modelo de xestión permitirá aliñar os activos, recursos e capacidades da cooperación galega co marco definido pola axenda global de desenvolvemento e co deseño do *IV Plan Director da Cooperación Española (2013-2016)*. Por outra banda, deberanse aumentar os investimentos que permitan consolidar unha cultura de aprendizaxe organizativa baseada na avaliación e a investigación de calidade.

21. En conclusión, o *III Plan director da cooperación galega* apoia nos logros acadados e establece un novo itinerario de reforma realista e adecuado ás capacidades institucionais e financeiras da cooperación galega no seu conxunto. Por outra banda, este plan director materializa o compromiso da Xunta de Galicia coa cooperación ao desenvolvemento como política pública en tres niveis: na existencia dun departamento e unidade responsable das funcións e competencias na dirección e xestión da AOD da Xunta de Galicia; na definición dun novo marco estratéxico e operativo asociado ao programa 331A de cooperación ao desenvolvemento da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia; e na apertura a curto prazo do proceso de actualización normativa da cooperación galega. Pero ademais, este Plan reforza a xustificación do compromiso co desenvolvemento da cidadanía galega por razóns éticas, de corresponsabilidade e de solidariedade co fin de promover o desenvolvemento humano sostible, a diminución da pobreza global e o pleno exercicio dos dereitos da cidadanía dos países e comunidades socias da cooperación galega.

2.3. Unha nova misión e visión da cooperación galega

22. As transformacións da axenda global de desenvolvemento nos últimos anos e a evolución e experiencia da cooperación galega motivan a necesidade de actualizar a súa declaración de misión e visión expresadas nos anteriores plans directores.
23. Este plan director declara como **misión** da cooperación galega: **Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega contribúe á promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas, que se reflicten na redución da pobreza e das desigualdades e mais na promoción do dereito ao desenvolvemento humano integral e sostible das persoas, dos países e comunidades cos que se asocia a cooperación galega.**

2. Os fundamentos renovados da cooperación galega

24. Esta misión renovada da cooperación galega inclúe os seguintes elementos:
1. Salienta o carácter de política pública da cooperación ao desenvolvemento.
 2. Subliña que a cooperación galega contribúe ao proceso de desenvolvemento dos países socios xunto cos seus propios esforzos e do resto de actores e axentes de cooperación
 3. Engade a xestión de resultados de desenvolvemento coa énfase na promoción de cambios positivos e sustentables e a longo prazo nas condicións de vida das persoas.
 4. Xuntamente coa loita contra a pobreza e as súas causas, engade a redución das desigualdades polas características particulares dos países socios da cooperación galega.
 5. Inclúe o enfoque de dereitos humanos ao afirmar como obxectivo a promoción do dereito ao desenvolvemento humano, integral e sostible.
 6. Especifica que a misión da cooperación galega se realiza naqueles países e comunidades coas que se asocia a cooperación galega de xeito que reafirma o principio de asociación.
25. A cooperación galega expresa como a súa **visión** do proceso de desenvolvemento a seguinte:
- Mediante unha cooperación e axuda eficaz e de calidade, a cooperación galega ten contribuído á redución da pobreza e das desigualdades colaborando coa consecución dos obxectivos internacionais de desenvolvemento, fortalecendo o pleno exercicio dos dereitos e os procesos de desenvolvemento humano sostible das persoas liderados polos países socios, e promovendo unha cidadanía global concienciada, crítica, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade a nivel local e global.
26. Nesta visión sintetízanse os tres ámbitos de actuación do anterior plan director e ao tempo intégranse as tres finalidades centrais definidas no *IV Plan Director da Cooperación Española*: o desenvolvemento humano sustentable, a diminución da pobreza e o pleno exercicio dos dereitos.
- 2.4. Os principios e criterios da política pública de cooperación**
27. Este plan director asume os principios da cooperación galega establecidos no I Plan director e que se coidan plenamente vixentes:

2. Os fundamentos renovados da cooperación galega

CADRO 4: Principios da cooperación galega

1. O ser humano debe constituír o centro dos esforzos do desenvolvemento.
2. O desenvolvemento constitúe un proceso multidimensional e non simplemente económico.
3. O desenvolvemento ten que se concibir como unha opción de realización dos pobos.
4. O desenvolvemento constitúe unha responsabilidade compartida.
5. A xustificación última do proceso de desenvolvemento descansa na conquista efectiva dos dereitos para as persoas.

28. De vez, a cooperación galega integra os enfoques dunha política para o Desenvolvemento Humano que o *IV Plan Director da Cooperación Española* sitúa como criterios e principios da cooperación española no seu conxunto, configurando a esencia, a maneira de ser e facer propia do sistema español de cooperación:

CADRO 5: Enfoques dunha política para o desenvolvemento humano

1. Enfoque de Desenvolvemento Humano e das Capacidades: o ser humano no centro.
2. Enfoque baseado en Dereitos Humanos: o desenvolvemento como pleno exercicio de todos os dereitos humanos.
3. Enfoque de Xénero en Desenvolvemento: igualdade de xénero e empoderamento das mulleres.
4. Enfoque de Desenvolvemento Sostible: os dereitos presentes e futuros.
5. Enfoque de xestión orientada a resultados de desenvolvemento.
6. Enfoque inclusivo.
7. Enfoque de proceso: o desenvolvemento como proceso de aprendizaxe.
8. Eficacia no desenvolvemento, alén da eficacia da axuda.

29. O *II Plan director da cooperación galega* introduciu na cooperación galega sete criterios para a política pública de cooperación para o desenvolvemento co fin de orientar a política de axuda de xeito que renda a maior utilidade no apoio aos esforzos que os países e comunidades realizan para promover o seu propio desenvolvemento. Estes criterios amosaron unha elevada produtividade á hora de corrixir as inercias da cooperación galega en termos de eficacia e calidade. Este plan director integra os devanditos criterios cun enfoque de eficacia no desenvolvemento salientando que o relevante para a política pública galega de cooperación son os resultados de desenvolvemento que o Comité de Axuda ao Desenvolvemento (CAD) da OCDE define como «os cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas que se reflicten na redución da pobreza e no desenvolvemento sostido e sostible». Xa que logo, esta orientación a resultados de desenvolvemento xunto co enfoque de eficacia no desenvolvemento recalca o feito de que a cooperación galega contribúe, nun marco

2. Os fundamentos renovados da cooperación galega

de responsabilidade compartida, aos esforzos colectivos en prol do desenvolvemento e ao efecto global que estes esforzos teñen sobre a vida das persoas en situación de pobreza ou vulnerabilidade.

30. Os criterios para a política pública galega de cooperación ao desenvolvemento que este plan director postula son os seguintes:

CADRO 6: Criterios para a política pública galega de cooperación

1. A axuda debe ser eficaz.
2. A axuda debe ser previsible.
3. A axuda debe concentrar os seus recursos.
4. A axuda débese xestionar de forma transparente.
5. A axuda débese integrar nun marco de coherencia de políticas de desenvolvemento das administracións públicas.
6. A axuda debe fomentar a participación social nos países socios e en Galicia.
7. A axuda debe promover a integración, complementariedade e coordinación dos actores e axentes de cooperación.

31. En conclusión, os principios e criterios da política pública galega de cooperación para o desenvolvemento definidos neste plan director avanza nunha lectura crítica dos principios da *Declaración de París sobre Eficacia da Axuda* (2005), da *Axenda de Acción de Accra* (2008) e da *Alianza de Busán para a Cooperación Eficaz ao Desenvolvemento* (2011). Con este fin integra as achegas das organizacións da sociedade civil favorecendo no marco estratéxico, operativo e instrumental da cooperación galega aquelas medidas e accións que reforcen a apropiación democrática do proceso de desenvolvemento, unha harmonización inclusiva, un aliñamento crítico, a xestión solidaria para resultados, a responsabilidade compartida e a transparencia, e a eficacia do desenvolvemento. Xa que logo, a cooperación galega aposta por un enfoque inclusivo e de proceso baseado nos Dereitos Humanos, no desenvolvemento sostible e no xénero en desenvolvemento. Este enfoque multinivel orientará sistematicamente os esforzos e recursos da cooperación galega cara á consecución de resultados ou cambios que supoñan melloras evidentes e verificables na calidade de vida das persoas vulnerables ou en situación de pobreza nos países e comunidades socias de desenvolvemento.

2.5. As capacidades da cooperación galega

32. Xunto con estes fundamentos renovados da cooperación galega, este plan director adecuará con criterios de realismo as capacidades do sistema galego de cooperación aos obxectivos planificados. Fronte á proposta expansiva de ampliación de capacidades do anterior plan director, este III Plan director centrarase na corrección de debilidades estruturais e no reforzamento das fortalezas consolidadas previamente. Como

2. Os fundamentos renovados da cooperación galega

se salienta no marco de resultados de xestión, a cooperación galega centrará os seus esforzos en catro niveis:

1. O impulso da coordinación e complementariedade entre os actores e axentes de cooperación.
2. O fortalecemento da capacidade institucional dos devanditos actores e axentes.
3. O reforzamento dos procesos de información, comunicación e rendición de contas dirixidos á cidadanía galega.
4. A dotación dun marco orzamentario realista que garanta a solvencia financeira e a viabilidade operativa da cooperación galega.

33. A *Lei 3/2003, de 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento* reconece como actores da cooperación galega á administración autonómica e ás entidades locais, así como ás institucións que as integren e ás organizacións que as representen. Por outra banda, reconece os seguintes axentes de cooperación: ONGD, universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos, comunidades galegas no exterior, e outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento. A cooperación galega desenvolverá aquelas medidas que faciliten tanto a posta en valor das capacidades e experiencia dos diferentes axentes e o reforzamento da súa capacidade técnica no eido da cooperación para o desenvolvemento, como aquelas outras que fomenten a complementariedade e xeración de sinerxías entre o conxunto de actores e axentes. Por último, a cooperación galega seguirá a manter as alianzas de traballo coas organizacións internacionais de desenvolvemento especialmente no eido da acción humanitaria e na formación de expertos/as en cooperación ao desenvolvemento ao abeiro da convocatoria específica de bolsas de formación.

3. As orientacións estratéxicas da cooperación galega

3. As orientacións estratéxicas da cooperación galega

34. Por orientacións estratéxicas (OE) entendemos os propósitos xerais que se desexa conseguir en termos de avances no desenvolvemento das sociedades dos países socios e de melloras nas condicións de vida das persoas. A cooperación galega asume as orientacións estratéxicas da cooperación española definidas no seu IV Plan director para salientar a realización efectiva dos principios de coordinación e complementariedade que harmonizan o carácter multiactor e multinivel do sistema español de cooperación.
35. Por este motivo, a cooperación galega afirma que contribuirá activamente ás finalidades da cooperación española: a promoción do desenvolvemento humano, a erradicación da pobreza e o pleno exercicio dos dereitos. Deste xeito, o aliñamento deste plan director coas directrices estratéxicas da cooperación española resposta ao criterio establecido pola *Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento* no seu artigo 4.f de respectar as liñas básicas de acción exterior definidas pola administración estatal. Con todo, tense realizado un proceso de adaptación das mesmas ás posibilidades reais de contribución da cooperación galega, visibilizando deste xeito como esta promove a coordinación e harmonización de actores no sistema español de cooperación. Por último, a cooperación galega reconece as estratexias sectoriais da cooperación española e os plans de actuación sectorial da AECID como válidas para a súa programación estratéxica e operativa mais adaptadas tanto ás tendencias de especialización da cooperación galega como á definición de resultados de desenvolvemento recollidos nos Marcos de Actuación País (MAP) como froito do diálogo da cooperación española cos países socios.

O.E.1. Consolidar procesos democráticos e o Estado de dereito

36. A democracia, a boa gobernanza das institucións e a garantía dos dereitos fundamentais están na base do desenvolvemento humano sostible. Un estado que queira elaborar políticas de erradicación da pobreza require institucións eficaces e representativas, así como sociedades civís organizadas e fortes, onde os dereitos fundamentais estean garantidos. Isto implica unha particular incidencia no exercicio dos dereitos dos colectivos máis vulnerables con especial atención ao respecto da identidade cultural e dereitos individuais e colectivos dos pobos indíxenas, das mulleres e nenas, da infancia e das persoas con discapacidade.
37. A cooperación galega contribuirá a esta orientación estratéxica con tres liñas de traballo:
1. **Impulsar a calidade da democracia:** dentro do sector de participación social, empoderamento e dereitos das mulleres, bo goberno e construción da paz reforzase a sociedade civil e contribuírase a unha cidadanía activa que exerza o seu dereito de acceso á información como medio de control dos poderes públicos, apoiando a organización da sociedade civil e a mellora da participación cidadá nos procesos de decisión colectiva. Ao tempo apoiaranse as redes de traballo

3. As orientacións estratéxicas da cooperación galega

entre as OSC de Galicia e dos países socios e fortalecerase a súa capacidade dentro do marco de traballo inspirado polos *Principios de Istambul para a eficacia do desenvolvemento das OSC*.

2. **Fortalecer a estrutura e os sistemas de xestión do sector público:** a través da cooperación técnica e do sector de participación social, empoderamento e dereitos das mulleres, bo goberno e construción da paz, a Xunta de Galicia, en colaboración coas entidades locais galegas, traballará pola modernización da xestión das políticas públicas, así como para a profesionalización da administración nos países socios, sobre todo naquelas áreas cun maior impacto na inclusión e cohesión social. Ao tempo, impulsaranse as políticas públicas que promovan a igualdade de xénero entre homes e mulleres, a creación de traballo decente, a garantía dos dereitos da infancia e aquelas políticas que faciliten a inclusión dos colectivos en situación de discapacidade. Aproveitando a experiencia valiosa de Galicia, promoverase a descentralización, o reforzamento dos gobernos rexionais e locais como espazos para o pleno exercicio da participación cidadá. Por último, apoiarase a transparencia e rendicións de contas dos poderes públicos. Todo este traballo abordarase a través da coordinación entre departamentos da Xunta de Galicia e desta coas entidades locais e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (FOGACOSOL), cos que se procurarán vías de traballo conxunto que consoliden o *know how* municipalista da cooperación galega. Ao tempo, estudarase a regulación de licenzas ou permisos no eido da cooperación ao desenvolvemento para persoal da administración pública dentro do proceso de actualización normativa da cooperación galega.
3. **Traballar polo Estado de Dereito e a garantía dos Dereitos Humanos:** a través da cooperación técnica e do sector de participación social, empoderamento e dereitos das mulleres, bo goberno e construción da paz, a cooperación galega traballará para que o sistema de xustiza sexa accesible en igualdade de condicións para toda a cidadanía e garanta a tutela xudicial efectiva e o dereito á defensa independente, de calidade e gratuíta, con especial atención a mulleres e nenas e aos colectivos en risco de discriminación e vulnerabilidade, como os indíxenas e os afrodescendentes, a infancia ou persoas con discapacidade. Nos países en situación de conflito ou postconflito apoiaranse os esforzos de construción de paz. Ao tempo, a través das actuacións de educación para o desenvolvemento promoveranse os valores da cultura da paz.

O.E.2. Reducir as desigualdades e a vulnerabilidade á pobreza extrema e ás crises

38. O mundo en desenvolvemento segue presentando grandes retos en termos de vulnerabilidade e desigualdades dende un enfoque baseado en dereitos humanos e, especialmente, naqueles países e rexións situados entre os niveis de renda máis baixa ou nos estados fráxiles. Do mesmo xeito, nos Países de Renda Media xunto a aumentos

3. As orientacións estratéxicas da cooperación galega

relevantes da riqueza, seguen persistindo grandes bolsas de pobreza e desigualdade. A vulnerabilidade delimita a delgada liña na que moitas persoas se encontran cada día, entre a supervivencia e a pobreza extrema, entre a disposición de medios de vida e a escaseza, entre as garantías de seguridade ou o conflito e o desprazamento. Esta liña crúzase doadamente polo estado de fragilidade das institucións, por conflitos armados, por desastres naturais ou pola degradación ambiental, polo impacto de shocks externos, ou polas crises, como as vividas nos últimos anos (alimentaria, enerxética ou económica). Trátase, polo tanto, de situacións que por un lado hai que previr e por outro afrontar.

39. A cooperación galega contribuirá a esta orientación estratéxica con tres liñas de traballo:

1. **Políticas de prevención e preparación:** a cooperación galega aposta por unha política de prevención en todos os eidos fronte a shocks externos ou estruturais, especialmente no que respecta á loita contra a fame, a seguridade alimentaria e nutricional e no sector de saúde. No eido da acción humanitaria e da cooperación afondará na xestión para a redución de riscos de desastres, coordinando ambas estratexias e orientándoas cara a unha análise de riscos e unha planificación comúns, especialmente nos países socios con maior vulnerabilidade ante desastres, e incorporando elementos de protección de dereitos a compoñentes de resiliencia. Nos países socios con escenarios de especial vulnerabilidade ante desastres incentivarase o traballo en mitigación e redución de riscos e fortaleceranse os mecanismos de resiliencia cunha atención especial ao traballo coas entidades locais e rexionais e coas organizacións da sociedade civil.
2. **Programas de protección social:** a cooperación galega apoiará os programas de protección social polo seu impacto na diminución da fame, da pobreza extrema e das desigualdades. A contribución da cooperación galega á realización dos dereitos á seguridade social e aos servizos sociais desenvolverase a través do sector de cobertura de necesidades sociais básicas traballando no minguamento dos atrancos e dificultades que empecen o acceso universal aos servizos básicos como saúde, educación, vivenda, auga e saneamento, etc. Ao tempo, apoiaranse as políticas de protección social con enfoque de xénero e de dereitos das mulleres e das nenas e que se centren na atención aos colectivos vulnerables como a infancia, as persoas maiores ou as persoas con discapacidade.
3. **Unha alimentación adecuada e suficiente fronte ás crises con enfoque de soberanía e seguridade alimentarias:** As persoas precisan a seguridade alimentaria para unha nutrición adecuada que garanta un estándar mínimo de calidade de vida. A cooperación galega traballará pola mitigación dos efectos das crises que afectan á seguridade alimentaria e nutricional a través da redución e control dos

3. As orientacións estratéxicas da cooperación galega

factores que determinan a vulnerabilidade ás crises alimentarias e á desnutrición aguda e crónica (especulación, agrocombustibles, cambio climático, etc.). Con este fin abordará dentro dos sectores de cobertura de necesidades sociais básicas e de desenvolvemento económico local a prevención e xestión de riscos favorecendo o desenvolvemento de mecanismos de resiliencia e xestión das crises mediante o apoio a redes de seguridade que aseguren a curto prazo que a poboación máis vulnerable poida afrontar as crises alimentarias e o apoio prioritario ás actuacións dirixidas a mellorar a seguridade alimentaria e a previr e tratar as consecuencias da desnutrición, especialmente dos colectivos máis vulnerables como as mulleres e nenas, a poboación infantil, as persoas maiores e as persoas con discapacidade ou en situación de dependencia. Ao tempo, fomentárase o acceso e control sobre os recursos, a tecnoloxía e o coñecemento e a participación de mulleres nos procesos de toma de decisións. Xa que logo, apoiárase que as comunidades sociais fortalezan a súa capacidade para acceder aos medios necesarios para garantir de forma sustentable a produción, distribución e consumo de alimentos en calidade e cantidades suficientes baseándose en capacidades endóxeas e no fortalecemento da súa soberanía alimentaria.

O.E.3. Promover oportunidades económicas para as persoas en situación de pobreza ou en risco de exclusión

40. Para lograr o desenvolvemento equilibrado e sostible dun país, as oportunidades económicas deben alcanzar a toda a poboación, especialmente ás persoas que viven en situación de pobreza ou en risco de exclusión que, na súa maioría, se sitúan nos territorios rurais e periurbanos. Un crecemento económico inclusivo e sostible debe ser abordado de xeito multisectorial, con enfoque de xénero, aplicado dentro da axenda de eficacia da axuda. A cooperación galega ten adquirido unha ampla experiencia na promoción do desenvolvemento económico local cunha atención especial aos sectores produtivos onde conta con vantaxes comparativas como agricultura e pesca e acuicultura. O obxectivo final destas actuacións é conseguir que as poboacións excluídas dos procesos de xeración de renda contribúan, participen e se beneficien do crecemento medio dos países. Dado que a incidencia da pobreza nas áreas rurais e periurbanas constitúe un trazo característico dos países en desenvolvemento, faise necesaria a integración dunha visión territorial do desenvolvemento en chave endóxena e local que contribúa aos procesos de crecemento económico inclusivo.

41. A cooperación galega contribuirá a esta orientación estratéxica con dúas liñas de traballo:

1. **Desenvolvemento rural e territorial, e a agricultura e a pesca e acuicultura como sectores de especialización cun enfoque de seguridade e soberanía alimentaria:** a cooperación galega tense especializado no traballo en territorios rurais onde a agricultura ou a pesca e acuicultura constitúen a base da súa economía.

3. As orientacións estratéxicas da cooperación galega

Xuntamente, a cooperación galega ten promovido a gandaría e a silvicultura. Dentro do sector de desenvolvemento económico local, a cooperación galega promoverá actuacións en agricultura e pesca e acuicultura co fin de garantir a seguridade alimentaria, incorporando enfoques de optimización do impacto nutricional desas intervencións. Ao tempo, potenciará a complementariedade con outras actividades xeradoras de ingresos como as vencelladas ao patrimonio histórico, cultural, paisaxístico e ecolóxico de xeito inclusivo e participativo. Ademais, apoiará ao sector público como impulsor de actividades como a investigación e o acceso á tecnoloxía, os servizos de extensión e divulgación agraria ou formación pesqueira etc., orientados a mellorar o rendemento cun enfoque de desenvolvemento sostible. Nesta liña de traballo contará coa colaboración dos centros de investigación e tecnolóxicos e cos grupos de investigación e departamentos das universidades galegas que veñen realizando labores de transferencia e intercambio de coñecementos e tecnoloxías. Por outra banda, apoiarase ás empresas de economía social e cooperativa no eido da agroindustria e transformación e comercialización da pesca. Xuntamente con estas medidas, a cooperación galega fomentará sistemas agrarios e pesqueiros sostibles, inclusivos e competitivos a través do apoio ás organizacións de produtores, a diversificación produtiva, a agroindustria, a redución das perdas trala colleita ou a promoción de prácticas agropecuarias e pesqueiras ecolóxicas e a agricultura e pesca baixa en insumos e artesanal. O obxectivo consiste en mellorar a renda dos pequenos produtores e reducir a longo prazo a vulnerabilidade das poboacións ao dispor de máis alimentos nos mercados locais. Por último, promoveranse prioritariamente os sistemas de produción a pequena escala sostibles, equitativos e resilientes, dando prioridade ás mulleres dentro dos pequenos produtores para promover a igualdade de dereitos á hora de acceder aos recursos agrarios. O acceso das mulleres ás terras, créditos e tecnoloxías e a súa participación nos procesos de toma de decisións permitirá un incremento do rendemento da agricultura e pesca e unha redución das persoas que sofren inseguridade alimentaria.

2. **Un crecemento económico inclusivo e sostible:** en todas as actividades financiadas pola cooperación galega promoverase a contratación baixo as condicións da axenda de traballo decente e a inclusión financeira que inclúe os obxectivos de: promover o emprego creando un entorno institucional económico sostible; adopción e ampliación de medidas de protección social, incluíndo a seguridade social e a protección das persoas traballadoras; o fortalecemento do tripartismo e do diálogo social; e promoción e aplicación dos principios e dereitos fundamentais no traballo. A cooperación galega contribuirá á redución da pobreza e da desigualdade promovendo unha maior estabilidade social e institucional. Deste xeito, favorecerá a integración dos países e comunidades sociais nos mercados locais e rexionais e na economía internacional promovendo as capacidades das pequenas e medianas empresas e das empresas de economía social e cooperativa,

3. As orientacións estratéxicas da cooperación galega

especialmente no eido do comercio xusto, sobre a base do previo aseguramento da seguridade e soberanía alimentarias. Ao tempo, dentro da coherencia de políticas, a cooperación galega fortalecerá as capacidades dos axentes de cooperación para a promoción do investimento positivo e responsable dentro do marco establecido polos *Principios Reitores de Nacións Unidas sobre Empresas e Dereitos Humanos*. Ao tempo, apoiárase o tecido económico empresarial local, cunha atención especial ás empresas de economía social e cooperativa e ás pequenas e medianas empresas e fomentárase, tanto nos países socios como en Galicia, a responsabilidade social empresarial, recoñecendo a relevancia do sector empresarial na xeración de riqueza e creación de emprego. Por outra banda, promoveranse sectores estratéxicos con grande potencial de desenvolvemento, como as enerxías renovables, as tecnoloxías da información e da comunicación, ou o turismo sostible. En todas estas áreas traballarase cun enfoque de tecnoloxía para o desenvolvemento humano. Por último, facilitaranse aquelas actuacións que promovan o desenvolvemento e consolidación de mercados financeiros inclusivos que permitan que as persoas en situacións de pobreza poidan ser suxeitos de crédito, aforro e seguro.

O.E.4. Fomentar sistemas de cohesión social, salientando os servizos sociais básicos

42. O acceso e cobertura dos servizos sociais básicos constitúen o primeiro chanzo dos sistemas de cohesión social. A superación da pobreza require a actuación nas políticas públicas que inciden no benestar e calidade de vida das persoas, destacando, a saúde, a alimentación, a auga e saneamento e a educación. Estas políticas estarán orientadas á creación das condicións necesarias para ofrecer oportunidades e desenvolvemento de capacidades que conduzan á inclusión social das persoas máis desfavorecidas e vulnerables, como as mulleres e nenas, a infancia ou as persoas con discapacidade. É importante resaltar o compoñente multisectorial destas políticas e a necesidade de que existan sinerxías entre elas, potenciando o enfoque de saúde en todas as políticas. Durante a vixencia deste plan director, a cooperación galega seguirá destinando unha cantidade superior ao 20% da súa AOD distribuíble sectorialmente a servizos sociais básicos, en cumprimento do compromiso 20/20 establecido no *Cumio Mundial sobre Desenvolvemento Social* de Copenhague do ano 1995.
43. A cooperación galega contribuirá a esta orientación estratéxica con catro liñas de traballo:
1. **Dereito humano á saúde:** a cooperación galega neste plan director sinala como sectores de especialización o de saúde e programas/políticas sobre poboación e saúde sexual e reprodutiva. A cooperación galega contribuirá ao fortalecemento e cobertura universal de sistemas públicos de saúde equitativos, sostibles, eficientes e de calidade. Neste traballo incluírá a saúde sexual e reprodutiva, a loita contra doenzas prevalentes e esquecidas e o acceso a medicamentos esenciais e

3. As orientacións estratéxicas da cooperación galega

xenéricos, cun enfoque de atención primaria e aliñado cos plans nacionais de desenvolvemento en saúde. Ao tempo, apoiaranse os programas de formación e capacitación de recursos humanos, abordando tamén a formación destinada á mellora da gobernanza, da xestión e da eficiencia dos sistemas de saúde coordinando a súa actuación coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. Unha especial atención recibirán as actuacións centradas no acceso á saúde das mulleres, da infancia, das persoas maiores, das persoas con discapacidade ou en situación de dependencia.

2. **Dereito humano a unha educación básica de calidade para todos e todas:** a cooperación galega traballará polo dereito á educación tanto desde o marco dos ODM como do *Marco de Acción de Educación para Todos e Todas* aprobado no Cumio de Dakar. O sector educación tamén é sinalado neste plan director como un eido de especialización sectorial que centra a súa atención preferentemente na calidade e equidade educativa, no acceso e permanencia do alumnado e no financiamento da educación básica con enfoque de xénero. Con este fin contribuirase á calidade educativa financiando actuacións no eido da formación dos docentes, de mellora da xestión escolar, de desenvolvemento de currículos inclusivos, ou na mellora dos mecanismos de avaliación e medición e de xeración de coñecemento. Tamén se apoiarán accións de fortalecemento institucional na planificación das políticas educativas ou na xestión administrativa e financeira. Por último, apoiarase unha educación de calidade que, desde a educación infantil, permita o acceso e finalización das etapas básicas educativas, cunha atención especial á alfabetización de persoas adultas e mozas e á educación técnica que facilite a inserción laboral de persoas mozas e adultas en traballos dignos, e apoiaranse aquelas medidas que garantan o acceso á educación das nenas e das rapazas.
3. **Dereito humano á alimentación:** co fin de minguar a vulnerabilidade das comunidades e poboacións á inseguridade e crises alimentarias e á desnutrición, a cooperación galega apoiará a promoción do acceso destas aos medios necesarios para garantir de forma sustentable a produción, distribución e consumo de alimentos en calidade e cantidades suficientes cun enfoque de seguridade e soberanía alimentarias. Na loita contra a fame apoiaranse as políticas públicas de desenvolvemento dos territorios rurais e aquelas outras que afecten ao acceso, control e explotación dos recursos naturais e produtivos (propiedade da terra, auga, recursos forestais, protección da biodiversidade, etc.).
4. **Dereito humano ao hábitat e á auga e ao saneamento básico:** a cooperación galega ten desenvolvido vantaxes comparativas e especialización no eido da mellora das condicións de habitabilidade básica, con especial incidencia na súas dimensións referentes a tenza segura, durabilidade e área suficiente da vivenda, así como na xestión integral e gobernanza dos recursos hídricos, co fin de garantir

3. As orientacións estratéxicas da cooperación galega

a subministración suficiente de auga superficial ou subterránea en bo estado e de reducir de forma significativa a contaminación das augas. Trátase dun sector fundamental para o desenvolvemento en xeral con carácter multisectorial xa que o dereito a un hábitat digno constitúe a base de moitos ODM e da realización de dereitos humanos como a saúde, educación, seguridade alimentaria, agricultura ou enerxía. A cooperación galega contribúe á promoción deste dereito multidimensional dentro do marco definido pola *Segunda Conferencia das Nacións Unidas sobre os Asentamentos Humanos* de 1996 no que o desenvolvemento dos asentamentos humanos se vincula ao proceso de exercicio dos dereitos humanos, en xeral, e dos dereitos de vivenda, en particular. Asemade, promove o dereito humano á auga e ao saneamento básico fronte aos riscos derivados da desertificación, o cambio climático, a contaminación, o estrés hídrico ou a crecente urbanización. A cooperación galega apoiará a administración dos recursos hídricos a través da aplicación de políticas de xestión integral dos recursos hídricos, da mellora a servizos sostibles de auga e saneamento indispensables para a habitabilidade básica, así como o acceso a unha vivenda digna como elemento chave na diminución de riscos e da vulnerabilidade das persoas e como soporte transversal en materia de saúde, educación e xénero, con atención a grupos vulnerables, como a infancia, as mulleres e nenas e as persoas con discapacidade; na mellora dos hábitos hixiénicos colectivos e intradomiciliarios; e na promoción do acceso das mulleres a tenza da vivenda e ao uso e xestión da auga. Por último, promoverá a gobernanza no sector e o recoñecemento e aplicación do dereito humano á auga e ao hábitat.

O.E.5. Promover os dereitos das mulleres e a igualdade de xénero

44. A igualdade de xénero representa un dos obxectivos de desenvolvemento fundamentais deste plan director porque a feminización da pobreza e a discriminación contra as mulleres segue sendo universal e incuestionable, malia os avances alcanzados durante as últimas décadas na aplicación da *Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller* (CEDAW), a Plataforma de Acción de Beijing ou a Resolución 1325 de Nacións Unidas «Mulleres, seguridade e paz», como piares de referencia para reducir a brecha de desigualdade no mundo. A desigualdade vese agravada por índices de iniquidade alarmantes, cando se producen situacións de discriminación dobre ou múltiple en que a discriminación por xénero combínase con outras formas de discriminación como a orixe étnica, relixión ou conviccións, orientación ou identidade sexual, idade, discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, polo que adquire un carácter multidimensional que ha de abordarse de xeito transversal en todos os obxectivos de desenvolvemento. Ao tempo, as crises económicas teñen un impacto negativo nas mulleres en termos de acceso efectivo a recursos e a dereitos fundamentais. En continuidade coa consolidación do enfoque de xénero na cooperación galega, o marco estratéxico, operativo e instrumental promoverá o cumprimento dos dereitos das mulleres e impulsará a transversalización do enfoque de

3. As orientacións estratéxicas da cooperación galega

Xénero en Desenvolvemento (XED) en todo o sistema da cooperación galega, tanto na consolidación de capacidades como especialmente no ciclo das intervencións e ámbitos, incluíndo a planificación, execución, seguimento e avaliación. As actuacións da cooperación galega integrarán transversalmente a prioridade de equidade de xénero para o cumprimento dos dereitos políticos, económicos, laborais, sociais e culturais das mulleres e nenas así como dos seus dereitos sexuais e reprodutivos.

45. A cooperación galega contribuirá a esta orientación estratéxica con tres liñas de traballo:

1. **A promoción da igualdade formal e real:** apoiando as políticas públicas de cohesión social, de igualdade de xénero e de loita contra a violencia de xénero.
2. **A promoción do empoderamento das mulleres:** a través do fortalecemento das organizacións de mulleres da sociedade civil que poden ter efectos multiplicadores en termos de acceso a unha cidadanía plena. Ademais, apoiaranse aquelas intervencións con mulleres e nenas que fomenten a autoestima, a toma de conciencia dos dereitos e do poder individual e colectivo, o aumento das capacidades, o recoñecemento da propia valía ou a recuperación da dignidade como persoas, etc.. Ao tempo, fomentaranse accións que palíen todas as formas de violencia e discriminación contra as mulleres e nenas, prestando unha atención a situacións de extrema dificultade como a trata e explotación sexual ou a mutilación xenital feminina e as súas consecuencias, así como á discriminación e vulnerabilidade das mulleres na economía e o traballo, especialmente no referente á economía dos coidados, á situación das traballadoras do fogar, á economía informal e ás mulleres nas áreas rurais. As intervencións da cooperación galega deberán respectar a axenda de traballo decente prestando especial atención aos dereitos laborais das mulleres. Por último, apoiaranse os proxectos que fomenten o enfoque integral de masculinidades para o fortalecemento das estratexias de promoción da equidade de xénero e prevención da violencia de xénero, tanto nas actividades de cooperación como de educación para o desenvolvemento.
3. **A integración da equidade de xénero de xeito transversal:** en todas as intervencións e ámbitos facendo desta prioridade un requisito imprescindible para o financiamento dos proxectos. Ao tempo, promoverase a realización de diagnósticos de xénero na identificación das intervencións e a necesidade de considerar o impacto diferenciado que as intervencións poden ter sobre as mulleres e homes, así como nas relacións entre ambos.

3. As orientacións estratéxicas da cooperación galega

O.E.6. Mellorar a provisión de bens públicos globais e rexionais, como a sustentabilidade ambiental e a diversidade das expresións culturais e a interculturalidade

46. Os bens públicos globais (BPG) e os bens públicos rexionais (BPR) son oportunidades e obxectivos dos que se beneficia toda a comunidade internacional e cuxa xestión supera o ámbito nacional, debendo traballarse para alcanzalos de xeito coordinado a nivel global ou rexional. Son claros exemplos de BPG os bens e servizos ambientais proporcionados pola natureza, a paz e a seguridade, a estabilidade económica e financeira, a saúde global ou o coñecemento e a cultura. Todos eles supoñen oportunidades estratéxicas que requiren ser abordados mediante un traballo coordinado máis alá das fronteiras dos países. As competencias e experiencia da cooperación galega neste eido céntrase na defensa da sustentabilidade ambiental e na promoción da diversidade das expresións culturais e da interculturalidade.

47. A cooperación galega contribuirá a esta orientación estratéxica con dúas liñas de traballo:

1. **A defensa do ambiente e do desenvolvemento sustentable:** a cooperación galega é consciente da importancia de protexer o ambiente fronte á deterioración xeral dos ecosistemas, o cambio climático e a degradación ambiental causados polas actividades e presión do ser humano e polo modelo hexemónico de desenvolvemento. A cooperación galega integra a variable ambiental de xeito transversal en todas as intervencións e ámbitos, facendo dela un requisito imprescindible para o financiamento dos proxectos. Ao tempo, este plan director inclúe unha prioridade sectorial de xestión ambiental e hábitat que apoia intervencións en dúas liñas: en primeiro lugar, as orientadas á xestión sustentable dos recursos, con especial atención á auga e aos recursos forestais, pesqueiros e acuícolas dentro da promoción da seguridade e soberanía alimentarias; e, en segundo lugar, as iniciativas que faciliten o acceso á enerxía mediante sistemas sustentables de produción de enerxía a partir de fontes renovables e limpas. A cooperación galega apoiará a redución, prevención e mitigación de riscos fronte a catástrofes naturais pola vulnerabilidade e exposición das poboacións e comunidades en situación de pobreza aos efectos potencialmente catastróficos de fenómenos atmosféricos destrutivos como secas, terremotos ou inundacións. Con este fin financiará actuacións que doten estas persoas e comunidades de maiores capacidades de resistencia e resiliencia desde o punto de vista dos medios de vida, habitabilidade e organización da poboación. Por último, nos proxectos no exterior terase en consideración a inclusión e emprego de índices ambientais (pegada ecolóxica, índice do planeta feliz ou modelo presión-Estado-resposta) que complementen os habituais índices sociodemográficos (IDH, escolaridade, fenda de xénero, etc.) e económicos (PIB, renda per cápita, etc). En segundo lugar, fomentaranse e financiaranse nos proxectos no exterior as actividades de realización de estudos, avaliacións de impacto ou diagnósticos ambientais e as compras de bens con certificacións ou

3. As orientacións estratéxicas da cooperación galega

selos que garantan que os produtos cumpren determinados criterios de sostenibilidade e xustiza ambiental e social.

2. **A promoción da diversidade das expresións culturais e da interculturalidade:** a cooperación galega reconece a *Convención da UNESCO sobre a Protección e Promoción da Diversidade das Expresións Culturais* do ano 2005. Por este motivo, integra a variable de defensa da interculturalidade como unha prioridade transversal e sectorial dentro do sector de investimento no ser humano xa que a diversidade cultural amplía a gama de posibilidades e nutre as capacidades e valores humanos polo que constitúe un elemento relevante do desenvolvemento humano sostible. Ademais, o respecto da diversidade cultural e o fomento do diálogo intercultural contribúen á realización dos dereitos humanos, garanten a liberdade cultural, atenden á realidade das migracións internacionais e limitan o alcance dos problemas asociados ao racismo ou á xenofobia e minguan as posibilidades de exclusión, discriminación, marxinação ou persecución das persoas en función da súa identidade cultural. Por outra banda, Galicia como pobo cunha cultura e identidade propia, promove que outros pobos e comunidades socias poidan dar a coñecer en liberdade as súas respectivas raíces culturais. Por conseguinte, prevese a necesidade de considerar as realidades culturais dos lugares onde se actúa, integrando eses diagnósticos na identificación, deseño e formulación das actuacións, así como no seguimento e avaliación dos proxectos. Por último, apoiarase o empoderamento dos pobos indíxenas ou dos afrodescendentes, fomentando a súa participación nos procesos de desenvolvemento; e incentivaranse as iniciativas de codesenvolvemento que faciliten a cohesión social e o diálogo e a convivencia intercultural así como os proxectos de educación para o desenvolvemento que combatan o racismo, a xenofobia e os prexuízos culturais.

O.E.7. Respostar ás crises humanitarias con calidade

48. A acción humanitaria afronta unha serie de retos froito das transformacións acontecidas a nivel global que provocan que as crises humanitarias teñan experimentado cambios tanto na súa orixe como na súa tipoloxía e dinámica. Neste senso teñen aumentado as vítimas de fenómenos asociados ao cambio climático e á degradación ambiental; á violencia sobre as poboacións civís que xeran fluxos de poboacións desprazadas e refuxiadas; ao grao de exposición a crises alimentarias pola especulación, o acaparamento de terras e a volatilidade de prezos dos produtos básicos. A este contexto súmase o empeoramento das condicións de seguridade en contextos humanitarios que dificultan o acceso ás poboacións afectadas. Por outra banda, teñen aumentado as iniciativas en acción humanitaria para mellorar a coordinación dos múltiples actores e a coherencia, eficacia, eficiencia e rendición de contas das respostas humanitarias. Na acción humanitaria prestarase especial atención ás poboacións máis vulnerables como a infancia, as mulleres e nenas, as persoas maiores e as persoas con discapacidade.

3. As orientacións estratéxicas da cooperación galega

49. A cooperación galega contribuirá a esta orientación estratéxica con cinco liñas de traballo:
1. Reafirmando o seu compromiso cos principios humanitarios de independencia, humanidade, neutralidade e imparcialidade, así como coas Directrices de Oslo, os Principios e Boas Prácticas de Doazón Humanitaria e o Consenso Europeo de Axuda Humanitaria.
 2. Baseando a súa resposta en necesidades humanitarias e non por outros criterios (políticos ou de prioridade xeográfica), priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade. Con todo, a experiencia da cooperación galega neste eido ten xerado capacidades na atención a poboacións refuxiadas e desprazadas e a aquelas afectadas por conflitos actuais e esquecidos ou crises humanitarias. A cooperación galega, logo, dará continuidade ao traballo coa Poboación Saharaí e en Palestina e ao traballo de reconstrución e rehabilitación en Haití. Neste último caso, a cooperación galega utilizará e concretará o enfoque enominado VARD (Vinculación entre axuda, rehabilitación e desenvolvemento) como modo de mellorar a coherencia das actuacións e de establecemento de sinerxías entre os diversos instrumentos e modalidades de axuda.
 3. O impulso da protección das vítimas e da aplicación do Dereito Internacional Humanitario (DIH) e cun enfoque baseado en dereitos.
 4. A participación nas iniciativas de coordinación da Acción Humanitaria española, como a proposta de creación dun Fondo Humanitario Común coordinado pola AECID.
 5. Canalizando fondos tanto a través de convenios como da convocatoria aberta e permanente de acción humanitaria a intervencións de prevención de desastres e redución e mitigación de riscos cun enfoque de resiliencia.

O.E.8. Construír unha cidadanía global comprometida co cambio social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable

50. A política pública de cooperación finánciase a través dos impostos da cidadanía e, xa que logo, semella necesario impulsar o respaldo solidario da cidadanía a esta política de solidariedade. Non obstante, esta visión instrumental debe complementarse co valor social que a política de cooperación crea ao focalizar recursos e esforzos na construción dunha cidadanía activa, concienciada e crítica que participa pola transformación social positiva a nivel local e global. Malia que aumentar o apoio e compromiso da cidadanía galega cos obxectivos de desenvolvemento que promove a cooperación galega pode servir para dotar de lexitimidade a unha política pública

3. As orientacións estratéxicas da cooperación galega

cuestionada a nivel orzamentario, as actividades de educación para o desenvolvemento van alén deste obxectivo para profundar na construción dunha cidadanía global.

51. A cooperación galega define á educación para o desenvolvemento e para a cidadanía global como un proceso educativo permanente baseado en metodoloxías críticas e activas de aprendizaxe que procura a xeración de cidadás e cidadáns globais activos, responsables, comprometidos e con conciencia crítica co fin de xerar unha cultura da solidariedade a nivel local e global que promova individual e colectivamente o cambio social de abaixo-arriba, a erradicación da pobreza e da exclusión e mais o desenvolvemento humano sostible a través da participación cidadá inclusiva na proposta de alternativas transformadoras e na definición e construción de institucións e políticas nacionais e internacionais baseadas en criterios normativos de xustiza social e global para a efectiva realización dos dereitos humanos. Consonte a esta definición, a educación para o desenvolvemento céntrase en catro afirmacións que respostan á dobre cuestión de que tipo de cidadanía se aspira a formar e que tipo de cidadanía precisa a nosa sociedade galega e o noso mundo común:
 1. A cidadanía adquirese na práctica e como rol a través do exercicio das virtudes cívicas e dos deberes ampliados cara á humanidade de xeito que na práctica cívica cotiá se deben materializar os valores da participación, igualdade, solidariedade, fraternidade, equidade, tolerancia e xustiza social.
 2. Débese promover unha comunidade imaxinada de cidadáns do mundo e unha identidade cosmopolita como recoñecemento da interdependencia e da común pertenza á humanidade.
 3. A cidadanía ten responsabilidades na construción dun outro mundo máis xusto a nivel local e global.
 4. Toda transformación do sistema global abrangue un eido ético (ética global) e institucional (gobernanza global) que vai asociado dialecticamente a un proceso de cambio persoal.
52. A cooperación galega contribuirá a esta orientación estratéxica con cinco liñas de traballo:
 1. Reforzará os procesos de educación para o desenvolvemento integrando as dimensións de sensibilización, formación, investigación para o desenvolvemento e mobilización social nun marco estratéxico propio que será o resultado dun proceso participativo inclusivo de todos os actores públicos e axentes sociais relevantes.

3. As orientacións estratéxicas da cooperación galega

2. Impulsará o enfoque de comunicación para o desenvolvemento co obxectivo de visibilizar, dar voz e empoderar ás persoas excluídas ou en situación de pobreza ou desvantaxe mediante un uso participativo das tecnoloxías da información, o fortalecemento da capacidade crítica para a análise dos medios de comunicación e a priorización da Visión e da Voz do Sur.
3. Fomentará o traballo en rede e a complementariedade entre os axentes e actores de cooperación para unha actuación coordinada e complementaria en educación para o desenvolvemento, cunha especial atención ao traballo coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
4. Impulsará a investigación para o desenvolvemento coa creación dunha convocatoria específica dirixida aos centros de investigación, grupos de investigación e departamentos das universidades galegas mais incentivando o traballo conxunto co resto de axentes.
5. Apoiará aquelas iniciativas e experiencias que provocan efectos multiplicadores no xurdir dunha identidade individual e colectiva como cidadá ou cidadán global. Neste senso fomentaranse aquelas actuacións que faciliten a concienciación crítica sobre os problemas de desenvolvemento e as causas estruturais da pobreza, a participación activa e o sentimento de corresponsabilidade. Ao tempo, prestarase especial atención a aquelas redes de traballo, como a Rede Municipalista Solidaria do FOGACOSOL, e experiencias de mobilidade internacional, como o voluntariado internacional ou os programas de coñecemento da realidade, que fomenten a empatía intercultural ou o intercambio de experiencias e capacidades como medio para o aumento do compromiso persoal e institucional coa transformación social e o desenvolvemento humano sostible.

4. Prioridades xeográficas, transversais e sectoriais

4. Prioridades xeográficas, transversais e sectoriais

53. O conxunto de orientacións estratéxicas da cooperación galega precisan de ser complementadas cunha atención ás prioridades xeográficas, transversais e sectoriais da cooperación galega que orientarán a asignación xeográfica e sectorial da axuda.

4.1. Prioridades xeográficas

54. Este plan director profunda na selectividade xeográfica da axuda galega con base nas tendencias de concentración das axudas e intervencións do período 2010-2013. Dando resposta a este propósito, definíronse como prioritarios os seguintes países:

África: Cabo Verde e Mozambique.

América do Sur: Bolivia, Ecuador e Perú.

Caribe: República Dominicana.

América Central: O Salvador, Guatemala, Honduras, e Nicaragua.

55. A seguir describimos os criterios de selección empregados para definir estes países como prioritarios:

1. **Unha maior concentración dos recursos de cooperación:** Os dez países establecidos como prioritarios teñen concentrado o 78% dos desembolsos da axuda galega no exterior entre 2010-2013. Esta porcentaxe medra até o 81% se tomamos unicamente en consideración os convenios formalizados e as convocatorias resoltas entre 2010 e 2013. Os países que perden a condición de prioritarios son Guinea Bissau e Haití. No caso do primeiro, débese a que non se logrou asentar un programa estable de actuación e á baixa presenza de actores da cooperación galega, ademais do feito de que non sexa considerado país prioritario polo *IV Plan Director da Cooperación Española*. No caso de Haití, a súa inclusión como país prioritario no anterior plan director debeuse ao compromiso da Xunta de Galicia coas tarefas de reconstrución derivadas do terremoto de xaneiro de 2010. Non obstante, este compromiso mantense ao sinalar Haití como país prioritario no eido da acción humanitaria dentro do enfoque de vinculación entre axuda, reconstrución e desenvolvemento. No caso da poboación saharauí, a natureza das accións financiadas pola Xunta de Galicia xustifica que este colectivo sexa definido como prioritario no eido da acción humanitaria. Por último, tanto Centroamérica como a área andina poderán ser obxecto de intervencións plurinacionais, como xa acontece no caso do Programa para a Formación da Pesca Artesanal en Centroamérica (PROFOPAC).
2. **Prestar unha atención adecuada aos países menos adiantados:** a concentración dos recursos de cooperación da Xunta de Galicia dirixírase aos países de ingreso medio baixo e alto, na liña da orientación global da cooperación española. A cooperación galega atenderá aos países menos adiantados a través das intervencións

4. Prioridades xeográficas, transversais e sectoriais

tanto en Mozambique como nos países destinatarios da súa acción humanitaria e da cooperación ao desenvolvemento. As convocatorias de axudas no exterior, de todos os xeitos, outorgarán a mesma valoración aos PMA que aos países prioritarios. Deste xeito, seguirase apoiando o financiamento de propostas de calidade que se desenvolvan en PMA como Haití ou Guinea Bissau.

3. **Diferenciar entre países e colectivos prioritarios no eido de cooperación ao desenvolvemento e da acción humanitaria:** No II Plan director definiase como colectivo prioritario da acción humanitaria da cooperación galega ás poboacións afectadas por conflitos actuais e esquecidos e sinalábase aos Territorios Palestinos como país prioritario neste eido. Este plan director actuará en Acción Humanitaria baseándose nas necesidades humanitarias e non por outros criterios (políticos ou de prioridade xeográfica), priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade. Con todo, a experiencia da cooperación galega neste eido ten xerado capacidades na atención a poboacións refuxiadas e desprazadas e a aquelas afectadas por conflitos actuais e esquecidos ou crises humanitarias. A cooperación galega, logo, dará continuidade ao traballo coa Poboación Saharauí e en Palestina e ao traballo de reconstrución e rehabilitación en Haití.
4. **Aproveitar as vantaxes comparativas da cooperación galega:** ao tratarse dunha cooperación maioritariamente canalizada a través das ONGD, a selección dos países prioritarios centrouse naqueles países onde estes actores presentan maiores capacidades para a xeración de alianzas cos seus socios de desenvolvemento. Ao tempo, seleccionáronse aqueles países que demandan intervencións en eidos nos que Galicia presenta vantaxes comparativas como agricultura e agroindustria; desenvolvemento rural; pesca e acuicultura; xestión integral e gobernanza de recursos hídricos, habitabilidade básica e abastecemento de auga e saneamento; educación ou saúde.
5. **Fomentar a complementariedade con outros actores do sistema español de cooperación:** os países prioritarios deste III Plan director –coa excepción de Cabo Verde– coinciden con países prioritarios da cooperación española facilitando a creación de oportunidades para o traballo complementario con outras cooperación autónomas e coa cooperación española dentro da estratexia definida nos correspondentes marcos de asociación país.
6. **Incentivar o desenvolvemento de iniciativas de codesenvolvemento,** aproveitando as oportunidades que ofrece traballar con países dos que proveñen un número significativo de persoas inmigrantes que viven en Galicia, coma o caso de Bolivia, Ecuador, Perú ou República Dominicana. Neste eido do codesenvolvemento apoiárase o traballo con Cabo Verde polo seu protagonismo dentro da inmigración en Galicia.

4. Prioridades xeográficas, transversais e sectoriais

56. Como mínimo entre o 75 e o 80% da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXRREE e UE) concentrarase nos 10 países prioritarios. Esta porcentaxe salienta que esta selectividade xeográfica non implica unha exclusión de posibles propostas noutros países, especialmente naqueles que integran a Lusofonía ou que noutrora foran prioritarios para a cooperación galega como Guinea Bissau, Angola, Mauritania ou Senegal ou ben en PMA distintos de Mozambique. A valoración das propostas realizarase consonte a criterios de pertinencia, calidade, sustentabilidade e participación, entre outros, de xeito que malia a valoración outorgada ás intervencións en países prioritarios, o resto de propostas en terceiros países seguirán contando con oportunidades de financiamento a través das convocatorias públicas. Por último, a singularidade do traballo da Consellería de Medio Rural e do Mar no eido pesqueiro, en tanto sector de especialización da cooperación galega, xustifican que poida seguir realizando actuacións de cooperación directa en países como Namibia, país definido como prioritario no *I Plan director da cooperación galega*, e no que se conta cunha sólida experiencia de traballo en cooperación pesqueira.

4.2. Prioridades transversais

57. Xunto coas orientacións estratéxicas, a cooperación galega reafirma como prioridades transversais as definidas no anterior plan director: a loita contra a pobreza, a equidade de xénero, a defensa da sustentabilidade ambiental, o respecto polos dereitos humanos e a defensa da interculturalidade. Estas prioridades transversais deberán ser coidadas en todas as intervencións de desenvolvemento, calquera que sexa o seu ámbito sectorial. A loita contra a pobreza constitúe a finalidade da cooperación ao desenvolvemento, a equidade de xénero reflíctese tamén como unha orientación estratéxica ao igual que a defensa da sustentabilidade ambiental e a defensa da interculturalidade. Por último, o respecto polos dereitos humanos materializa o enfoque de dereitos humanos que transversaliza o conxunto deste plan director desde os seus principios até as súas orientacións estratéxicas.

4.3. Prioridades sectoriais

58. Este plan director conserva as prioridades sectoriais do *II Plan director da cooperación galega* xa que orientan a distribución sectorial da axuda galega. Como novidade, modificouse a denominación de dúas das prioridades para que reflíctan con maior precisión o ámbito de traballo ao que aluden. A orientación na distribución dos recursos define un rango para evitar rixideces na selección das actuacións financiadas xa que a cooperación galega se caracteriza por ser unha cooperación xestionada de xeito maioritario a través de ONGD e de convocatorias públicas de axudas de xeito que, malia os incentivos establecidos nas bases das convocatorias, a DXRREE e UE non pode asegurar previamente nin a orientación xeográfica nin sectorial das propostas dos axentes.

4. Prioridades xeográficas, transversais e sectoriais

CADRO 7: División e distribución sectorial da AOD galega

SECTOR	ORIENTACIÓN ESTRATÉGICA VINCULADA	II PLAN DIRECTOR		III PLAN DIRECTOR % PROPOSTA	
		% PREVISTO	% EXECUTADA		
A	Cobertura de necesidades sociais básicas	O.E.4	30	33	25-30
B	Desenvolvemento económico local	O.E.3	25	28	25-30
C	Participación social, empoderamento e dereitos das mulleres, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz	O.E.1 O.E.5	14	4	7-10
D	Acción humanitaria	O.E.7	8	10	8-10
E	Educación para o desenvolvemento	O.E.8	8	8	8-10
F	Investimento no ser humano	O.E.4 O.E.6	6	9	4-5
G	Xestión ambiental sustentable e hábitat	O.E.6	4	1	3-4
H	Consolidación e fortalecemento de axentes	O.E.1	4	3	4-5
I	Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores		1	3	1

59. Pola natureza das accións financiadas no sector de infraestrutura e promoción do tecido económico, tense modificado a súa denominación por desenvolvemento económico local para salientar a aposta da cooperación galega por un modelo de desenvolvemento económico endógeno e incluso ao servizo das persoas en situación de pobreza ou vulnerabilidade. Este modelo integra unha visión territorial do desenvolvemento que aposta polo fomento do emprego, da economía social e cooperativa, e dos mercados locais en chave de sostenibilidade. Por outra banda, no sector de participación social, bo goberno, fortalecemento institucional e construción da paz, tense integrado na súa denominación o empoderamento e os dereitos das mulleres para dar acollida a unha demanda de longa traxectoria das ONGD que traballan activamente neste eido.
60. Os criterios de distribución sectorial da axuda respontan á necesidade de reducir a dispersión e fragmentación sectorial da axuda a través dunha focalización dos recursos nos sectores onde a cooperación galega ten desenvolvido vantaxes comparativas e conta cun valor engadido. Por este motivo, tanto o sector de cobertura de necesidades básicas como o de desenvolvemento económico local concentrarán como mínimo o 50% da axuda desembolsada. Durante a vixencia deste plan director serán sectores de especialización da cooperación galega os seguintes: agricultura e desenvolvemento rural, pesca e acuicultura, educación, xestión integral e gobernanza de recursos hídricos, habitabilidade básica e abastecemento de auga e saneamento, saúde ou programas/

4. Prioridades xeográficas, transversais e sectoriais

políticas sobre saúde sexual reprodutiva. Estes 7 sectores concentrarán entre o 80 e o 90% da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE. A esta especialización sectorial sumaranse tamén a acción humanitaria e mais educación para o desenvolvemento até concentrar no seu rango máximo o 80% da axuda desembolsable.

5. O marco de resultados de xestión

5. O marco de resultados de xestión

61. Este ciclo de planificación baseouse na definición participativa e inclusiva da estratexia da cooperación galega para os vindeiros catro anos xunto coa posta en valor da capacidade demostrada polo conxunto de actores e axentes da cooperación galega para acadar as metas e obxectivos definidos no marco de resultados do anterior plan director.
62. A experiencia na xestión eficiente do marco de resultados do *II Plan director da cooperación galega* estableceu un punto de partida razoable e adecuado para a implementación dunha renovada lóxica de intervención con base na xestión orientada a resultados. Este modelo de xestión que se incorpora neste ciclo de planificación baséase na simplificación do marco de resultados orientando os esforzos á consecución de resultados de xestión que entran dentro da esfera de influencia e das capacidades dos actores e axentes comprometidos corresponsablemente no seu logro. Deste xeito o marco de resultados de xestión da cooperación galega para o período 2014-2017 fica reducido a 7 resultados de xestión, 20 liñas de acción, 30 indicadores de desempeño e 40 produtos.
63. Por resultados de xestión (RX) entendemos os logros relativos a aqueles aspectos internos organizativos que a cooperación galega debe acometer para apoiar a consecución dos resultados de desenvolvemento definidos tanto polo propio país socio como a través do diálogo de políticas deste coa cooperación española que se materializa nos marcos de asociación país correspondentes. A través do reforzamento e dos cambios nas capacidades dos actores e axentes galegos de cooperación impulsárase o itinerario de reforma previamente definido no anterior plan director ampliando a axenda de eficacia da axuda co fin de consolidar unha cooperación eficaz para o desenvolvemento.

R.X.1. A cooperación galega alía o seu marco normativo, estratéxico e operativo coa axenda global de desenvolvemento

L.A.1.1. Actualizar o marco normativo da cooperación galega

64. En xuño de 2013 cumpriuse o décimo aniversario da entrada en vigor da *Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento*. Na avaliación intermedia e final da cooperación galega recóllese unha recomendación relativa á necesidade de que a Xunta de Galicia, a través da DXRREE e UE impulse un amplo proceso participativo de reflexión dos actores galegos de cooperación e dos partidos políticos con representación parlamentaria para valorar a oportunidade de proceder a elaborar unha nova lei galega de cooperación.
65. Polo tanto, ao longo da actual lexislatura desenvolverase este proceso de reflexión lexislativa que nace de tres razóns principais:
1. Facilitar a consolidación dos procesos de modernización estratéxica e operativa da cooperación galega con base na experiencia e aprendizaxes adquiridas pola

5. O marco de resultados de xestión

cooperación galega nos últimos dez anos, na axenda global de desenvolvemento e na relevancia nesta axenda do valor engadido e vantaxes comparativas da cooperación descentralizada dos gobernos subestatais, tal e como se salientou pola DXRREE e UE no ditame elaborado para o Comité de Rexións verbo do *Libro Verde da Comisión Europea sobre o futuro da política de desenvolvemento*.

2. Revisar o deseño dos espazos e órganos de participación e coordinación (CONGACODE, CINCODE e CINTERCODE) para mellorar a súa funcionalidade, operatividade e equilibrio na súa composición, de xeito que se aumenten as oportunidades para unha maior concertación, coordinación e complementariedade entre os actores galegos de desenvolvemento tal e como se vén demandando publicamente nos últimos anos desde diversos axentes de cooperación.
3. Simplificar o marco normativo de referencia da cooperación galega introducindo na nova Lei todos aqueles aspectos relativos ao Rexistro Galego de Axentes de Cooperación, ás licenzas e permisos para empregados públicos no eido da cooperación para o desenvolvemento e á normativa de subvencións adaptada ás peculiaridades das actividades da cooperación ao desenvolvemento en liña co *Real Decreto 794/2010, de 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional*.

L.A.1.2. Reforzar a coherencia de políticas en todos os niveis da administración pública galega

66. A integración activa da coherencia de políticas na cooperación galega debe avanzar alén da creación de sinerxías e complementariedades entre políticas para garantir, na maior medida do posible, que o conxunto de políticas distintas á de cooperación ao desenvolvemento estean guiadas polo obxectivo superior da loita contra a pobreza e a defensa dos dereitos humanos de todo o mundo. A cooperación galega reconece o marco de coherencia de políticas reflectido no *Pacto Galego contra a Pobreza*, asinado por todos os partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia. Neste Pacto sinálanse sete liñas de acción neste eido: comercio xusto e consumo responsable; fomento da economía social; finanzas éticas; inmigración; cambio climático; equidade de xénero; e educación para o desenvolvemento. Dentro dos ámbitos da competencia, funcións e actividades da cooperación galega traballarase na práctica totalidade destas liñas de acción cunha atención especial ao comercio xusto e compra pública ética e á promoción da responsabilidade social empresarial no eido da cooperación ao desenvolvemento.
67. Con este fin crearase un Grupo de Traballo interdepartamental na Xunta de Galicia para estudar a incorporación nos pregos de cláusulas da administración autonómica dos criterios de comercio xusto e compra pública responsable no conxunto das súas compras e adquisicións en diálogo cos axentes e actores galegos de cooperación;

5. O marco de resultados de xestión

realizaranse formacións en responsabilidade social empresarial e investimento positivo no eido da cooperación ao desenvolvemento; encargarse un estudo sobre as achegas das empresas galegas ao desenvolvemento nos países do Sur e difundiranse os *Principios Reitores de Nacións Unidas sobre Empresas e Dereitos Humanos*. Por último, a Xunta de Galicia a través da DXRREE e UE realizará a pedimento da Comisión Extraparlamentaria de Seguimento do Pacto Galego contra a Pobreza o correspondente informe de seguimento no que se analizará o grao de alcance dos indicadores asociados ás liñas de acción en coherencia de políticas que establece o devandito Pacto.

L.A.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios en cooperación ao desenvolvemento

68. As previsións orzamentarias do II Plan director da cooperación galega definíronse sobre a hipótese dunha expansión dos orzamentos dispoñibles para a política pública de cooperación, como tiña sido a tendencia do conxunto dos actores públicos do sistema español de cooperación entre 2006 e 2009. Non obstante, a crise económica e fiscal e as consecuentes medidas de consolidación fiscal e loita contra o déficit público mudaron esta hipótese inicial de xeito que o conxunto de administracións públicas españolas trasladaron á política pública de cooperación os correspondentes axustes orzamentarios.
69. Co fin de garantir a solvencia financeira da cooperación galega e a previsibilidade dos seus recursos orzamentarios, este plan director define un mínimo en volume de fondos en relación ao financiamento do programa operativo 331 de cooperación ao desenvolvemento da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Ao tempo, a Xunta de Galicia reafirma o seu compromiso de traballar por un crecemento dos recursos dispoñibles cando a previsible recuperación económica aumente os ingresos da Facenda pública e medren os investimentos públicos a través dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
70. Como base para definir este mínimo tomarase a dotación orzamentaria do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento que se aprobe na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014.

L.A.1.4. Dar continuidade aos procesos de mellora da funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda

71. Os instrumentos de canalización da axuda, fundamentalmente as convocatorias e convenios, representan a materialización dos compromisos estratéxicos da cooperación galega en accións concretas. Neste plan director o músculo instrumental da cooperación galega vai experimentar unha racionalización dos seus instrumentos. Deste xeito a convocatoria de programas de cooperación no exterior das ONGD non está previsto que se realice por mor da limitada dispoñibilidade de recursos orzamentarios. Ao tempo, prevese a creación dunha nova convocatoria pública de axudas a proxectos de

5. O marco de resultados de xestión

investigación para o desenvolvemento liderados por centros de investigación, grupos de investigación ou departamentos das tres universidades galegas. O resto de convocatorias públicas previstas no II Plan director (proxectos no exterior, microproxectos, educación para o desenvolvemento, consolidación e fortalecemento, bolsas de formación de expertos/as en cooperación internacional e a convocatoria aberta e permanente de acción humanitaria) publicaranse e resolveranse en función das disponibilidades orzamentarias e dos compromisos de desembolso existentes garantíndose a publicación e resolución da convocatoria de educación para o desenvolvemento durante a vixencia deste plan director.

72. Durante a vixencia deste plan director, a DXRREE e UE seguirá a dialogar cos axentes galegos de cooperación sobre a mellora da funcionalidade destes instrumentos, abrindo procesos participativos na fase de deseño e revisión previa á publicación das convocatorias. Ao tempo, este plan director deberá abordar a integración das recomendacións establecidas no anterior plan director respecto da posibilidade de permitir que o conxunto de axentes de cooperación, ben individualmente, ben agrupadamente, poidan liderar propostas nas convocatorias públicas de axudas de microproxectos, fortalecemento e consolidación e educación para o desenvolvemento. Con esta medida preténdese poñer en marcha unha serie de incentivos que creen oportunidades para que outros axentes distintos das ONGD desenvolvan capacidades no eido da cooperación e poidan realizar achegas especializadas de xeito que aumente a diversidade e a complementariedade entre axentes e se xeren efectos correctores positivos na calidade das propostas presentadas a financiamento público. De todos os xeitos, analizarase caso por caso a pertinencia de favorecer a participación de todos os axentes nas convocatorias públicas de axudas, poñendo en valor as súas potencialidades e tendo en conta o papel das ONGD como aliados estratéxicos da cooperación galega.
73. A axuda desembolsable xestionada pola DXRREE e UE canalizarase a través de convocatorias públicas nun rango do 70-75%, ficando o 25-30% por cento restante a disposición da súa canalización a través de convenios.

R.X.2. A cooperación galega concentra a súa axuda no exterior con criterios de eficacia

L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 10 países socios

74. Unha das vías para mellorar o alcance, eficacia e calidade da axuda consiste na limitación da dispersión xeográfica. Fronte á proliferación de países receptores da axuda galega no pasado, os anteriores plans directores foron limitando progresivamente o número de países aos que se van dirixir os recursos. Este plan director ten sinalado 10 países como socios prioritarios da cooperación galega nos que se concentrará

5. O marco de resultados de xestión

entre o 75% e o 80% da axuda desembolsada pola DXRREE e UE en cooperación ao desenvolvemento.

L.A.2.2. Aliñar as actuacións da cooperación galega cos marcos de asociación país da cooperación española e coas políticas públicas dos países socios

75. Os criterios de eficacia do desenvolvemento insisten en afirmar que o proceso de desenvolvemento debe de ser liderado polos países socios de xeito que se estableza un diálogo inclusivo e participativo de políticas que dea como resultado un acordo de cooperación con base no principio de asociación. Este proceso de apropiación democrática do proceso de desenvolvemento materialízase nas estratexias nacionais de desenvolvemento ou ben nas súas propias políticas públicas. No caso da cooperación española, os MAP conteñen unha definición dos resultados de desenvolvemento e das principais achegas que a axuda española pode realizar ao proceso de desenvolvemento que o país socio lidera. Malia que os resultados de desenvolvemento establecidos nos MAP unicamente afectan aos actores públicos de cooperación, a cooperación galega xestionada maioritariamente por ONGD integrará os MAP como marco da súa xestión orientada a resultados de desenvolvemento no país socio que corresponda e valorará o grao de aliñamento das propostas financiáveis cos MAP e coas políticas públicas do país socio.

L.A.2.3. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos países menos adiantados

76. A selectividade xeográfica da axuda galega ten xerado unha concentración en países de ingreso medio baixo e alto, ficando unicamente Mozambique como PMA dentro dos países prioritarios. De todos os xeitos, a cooperación galega destinará un 15% da súa axuda desembolsable no exterior aos PMA. Por outra banda, as bases das convocatorias concederán a mesma valoración aos PMA e aos países prioritarios.

L.A.2.4. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais

77. Este plan director dará continuidade aos esforzos por mellorar o alcance das intervencións a través da xeración de incentivos para a presentación de propostas integradas en marcos de planificación plurianuais. Malia as limitacións temporais das convocatorias e convenios, a cooperación galega promoverá este tipo de propostas para garantir un alcance a medio prazo das actuacións de xeito que profunden na xeración de cambios positivos, sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas que participan nos mesmos. Como mínimo un 15% da axuda desembolsada no exterior pola DXRREE e UE dirixirase a este tipo de propostas.

5. O marco de resultados de xestión

R.X.3. A cooperación galega especializa a súa axuda nos sectores nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas

L.A.3.1. Fortalecer a especialización sectorial da cooperación galega

78. A cooperación galega aposta neste ciclo de planificación pola súa especialización sectorial de xeito que aumente os desembolsos naqueles sectores nos que conta con vantaxes comparativas ou cun valor engadido, complementado coa existencia dunha masa crítica de aliados de desenvolvemento, singularmente ONGD, que se teñen especializado, outramente, nos seguintes sectores: agricultura e desenvolvemento rural, pesca e acuicultura, educación, xestión integral e gobernanza de recursos hídricos, habitabilidade básica e abastecemento de auga e saneamento, saúde ou programas/políticas sobre saúde sexual e reprodutiva. Estes 7 sectores concentrarán entre o 80 e o 90% da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE.

L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade

79. A cooperación galega mellorará a súa calidade e carácter integral a través dunha acción máis estratéxica en colaboración cos axentes de cooperación de xeito que o 50% dos fondos en acción humanitaria sexan canalizados a través da convocatoria aberta e permanente. Ao tempo dará continuidade ao traballo con organizacións multilaterais ou especializadas en Acción Humanitaria como ACNUR, UNRWA e Farmamundi na atención de emerxencias, na promoción da seguridade alimentaria ou na atención ás necesidades humanitarias que se detecten como consecuencia de fenómenos catastróficos de orixe humana ou natural. Por outra banda, destinarase un 10% da axuda desembolsada en Acción Humanitaria pola DXRREE e UE á redución de riscos con enfoque de resiliencia. Por último, a DXRREE e UE coordinará a súa acción coa Consellería de Sanidade, especialmente na xestión da atención sanitaria aos nenos e nenas saharauís que participan no programa de «Vacacións en Paz» xestionado pola ONGD Solidariedade Galega co Pobo Saharaí.

R.X.4. Os actores e axentes da cooperación galega coordinan e complementan as súas actuacións para contribuír a resultados de desenvolvemento

L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española

80. A Axenda de Portugalete aprobada no V Encontro de comunidades autónomas e Cooperación ao Desenvolvemento celebrado en marzo de 2012 establece todo un conxunto de posibilidades de coordinación entre comunidades autónomas e destas coa Administración Xeral do Estado. A Xunta de Galicia xa está a colaborar en moitas delas como a sinatura dun convenio marco de colaboración coa Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento en outubro de 2013; a participación nas xuntanzas da Comisión Interterritorial de Desenvolvemento da cooperación española a participación activa nos Encontros de comunidades autónomas e

5. O marco de resultados de xestión

Cooperación; a participación nos procesos de diagnóstico e elaboración dos marcos de asociación país nos países socios nos que se teñen financiado actuacións significativas, a dispoñibilidade para realizar achegas económicas ao Fondo Humanitario Común coordinado pola AECID; a integración das avaliacións da cooperación galega no Plan Anual de Avaliacións da cooperación española; e mais o emprego do sistema de xestión de coñecemento inf@od para o envío de datos e información robusta da AOD da Xunta de Galicia aos informes de seguimento do Plan Anual de Cooperación Internacional (PACI), contribuíndo ao compromiso coa transparencia da cooperación española. A Xunta de Galicia seguirá a promover a mellora da coordinación entre as cooperación autónomas coa proposta da realización de avaliacións inter pares na cooperación autónoma e do estudo das posibilidades para novas modalidades de xestión da axuda, como a cooperación delegada.

L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos actores e axentes galegos de cooperación

81. Este plan director dará continuidade aos incentivos xerados para a actuación conxunta e complementaria dos axentes e actores de cooperación, especialmente a través das convocatorias de axudas por parte das ONGD. Por outra banda, será preciso artellar mecanismos de coordinación e complementariedade cos actores locais que superen as rixideces e inoperatividade do CINTERCODE. Ademais, a Xunta de Galicia promoverá máis intensamente as alianzas de traballo multiactor con financiamento internacional con outros actores e axentes da cooperación galega analizando as posibilidades de constituír alianzas público-privadas nos sectores de especialización da cooperación galega dentro do marco de especialización das empresas e dos outros axentes definido nas bases das convocatorias para proxectos no exterior. Con este fin definirase un procedemento para a recepción e valoración das propostas que os actores e axentes galegos de cooperación fagan chegar á DXRREE e UE.

R.X.5. Os actores e axentes da cooperación galega fortalecen a súa capacidade institucional para un maior alcance das súas actuacións

L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e UE

82. Por mor das debilidades orzamentarias e as limitacións que a reforma da Administración Pública está establecendo á creación de novas agencias públicas e entes autónomos, este plan director non dará continuidade ao proceso de creación da Axencia Galega de Cooperación. Ao tempo, as restricións á contratación de persoal laboral ou de gabinete na Administración como consecuencia das medidas de loita contra o déficit público limitan as posibilidades de ampliación dos recursos humanos especializados da DXRREE e UE. De todos os xeitos, priorizaranse as asistencia técnicas que complementen as capacidades actualmente instaladas no eido da acción humanitaria, avaliación e educación para o desenvolvemento. Por outra banda, para reforzar as capacidades técnicas da DXRREE e UE no emprego do modelo de xestión

5. O marco de resultados de xestión

orientada a resultados, organizarase un curso de capacitación neste eido aberto ao conxunto de axentes e actores de cooperación.

L.A.5.2. Apoiar a formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación

83. Neste ciclo de planificación a DXRREE e UE seguirá apoiando á Coordinadora Galega de ONGD e ao FOGACOSOL a través de convenios de fortalecemento, que se asinarán anualmente, polo valor do seu traballo na consolidación dun tecido social de apoio á cooperación ao desenvolvemento. Por outra banda, un 4% da axuda desembolsable destinarase a actuacións de fortalecemento e consolidación financiadas a través das bolsas de formación de expertos/as, de convenios coas universidades galegas e da convocatoria de consolidación e fortalecemento. Por último, co fin de promover a participación activa do sector empresarial privado e público na cooperación ao desenvolvemento financiaranse formacións en responsabilidade social empresarial e investimento positivo no eido da cooperación e encargarse un estudo sobre o papel das empresas galegas e a súas achegas ao desenvolvemento dos países e comunidades socias. Por último, o fortalecemento da capacidade das organizacións da sociedade civil que actúan como axentes de cooperación realizarase a través do marco definido polos *Principios de Istambul para a eficacia do desenvolvemento das OSC*.

L.A.5.3. Fortalecer a capacidade dos axentes galegos de cooperación para diversificar as súas fontes de financiamento

84. A baixa diversidade de fontes de financiamento dos axentes galegos de cooperación teñen agravado o impacto da crise económica sobre o seu financiamento de xeito que se ten debilitado a capacidade institucional destes e provocado o peche de delegacións en Galicia de ONGD que teñen canalizado unha cantidade significativa de fondos públicos. A cooperación galega apoiará os esforzos dos axentes de cooperación no eido da captación de fondos e da sostenibilidade institucional a través de formacións especializadas cunha atención especial ao financiamento europeo e internacional.

L.A.5.4. Consolidar o investimento en recursos humanos especializados dos axentes galegos de cooperación

85. O investimento en recursos humanos permite aos axentes galegos de cooperación contar con persoal técnico especializado ou realizar actuacións intensivas en recursos humanos por mor da natureza das accións previstas. Dando continuidade ao establecido no anterior plan director, seguirase mantendo que se poderá subvencionar en recurso humanos até o 70% do custo total do proxecto. De todos os xeitos, deberase supervisar que os axentes de cooperación que xestionan axudas públicas respectan a axenda de traballo decente e os dereitos laborais do persoal contratado tanto no Sur como en Galicia.

5. O marco de resultados de xestión

R.X.6. A cidadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da cooperación galega na loita contra a pobreza

L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación

86. Unha das fortalezas da cooperación galega radica na súa transparencia e activa rendición de contas sobre os logros colectivos en cooperación aos axentes de cooperación, de xeito directo, e á cidadanía a través da súa páxina web. A DXRREE e UE dará continuidade á aposta pola transparencia do conxunto de actores e axentes da cooperación galega para render contas á cidadanía acerca do valor e impacto da axuda financiada a través dos seus impostos. Este compromiso materialízase na actualización permanente da páxina web para que a cidadanía poida acceder a toda a información relativa ás actividades de cooperación. Por outra banda, publicaranse aqueles documentos máis relevantes, como os informes de xestión anual e realizaranse actividades de difusión dos resultados e logros da cooperación galega.

L.A.6.2. Promover unha cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe organizativa no sistema galego de cooperación

87. O modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento salienta a necesidade de que a toma de decisións estratéxicas e operativas se tome con base en información de calidade e relevante que achegue datos, feitos e evidencias. Por este motivo, débese profundar na mellora da calidade dos instrumentos de seguimento e avaliación a través dun investimento de recursos financeiros suficientes neste eido da xestión do coñecemento. Ao mesmo tempo, promoverase a aprendizaxe organizativa do conxunto de axentes e actores da cooperación galega a través da apertura de espazos para o intercambio de coñecementos, boas prácticas e da sistematización de resultados. Xa que logo, esta aposta demanda a asignación de recursos suficientes para dar continuidade ao impulso de prácticas de asignación de calidade en todas as actividades da cooperación galega así como a promoción activa da investigación sobre desenvolvemento. Con este fin realizarase unha avaliación intermedia e final do III Plan director e unha serie de avaliacións das intervencións financiadas nun mínimo de 3 países socios. Por outra banda, deseñárase e publicarase unha convocatoria de investigación para o desenvolvemento dirixida aos grupos e centros de investigación e departamentos das universidades galegas. As investigacións financiadas deberán crear valor para o conxunto do sistema galego de cooperación e valorarase aquelas investigacións aplicadas que nazan dunha proposta conxunta dos axentes galegos de cooperación coas universidades e que establezan mecanismos sólidos de transferencia de resultados aos actores e axentes de cooperación para a mellora da calidade e eficacia da cooperación galega. Todo este conxunto de actividades de investigación e avaliación impulsado pola Xunta de Galicia, xunto coas avaliacións dos proxectos xestionados polos axentes de cooperación, difundiranse publicamente.

R.X.7. A cooperación galega mellora a planificación e xestión das actuacións en educación para o desenvolvemento

L.A.7.1. Definir un marco estratéxico de acción en educación e comunicación para o desenvolvemento

88. Este plan director avanzará na definición dun marco estratéxico da educación e comunicación para o desenvolvemento que mellore o alcance e impacto das intervencións financiadas e que permita a concentración dos esforzos naquelas dimensións, ámbitos e actores con efectos multiplicadores sobre a base da dos resultados positivos e a experiencia acumulada pola cooperación galega neste eido de traballo. Esta estratexia de educación e comunicación para o desenvolvemento realizarase a través dun proceso de participación inclusiva que integre a todos aqueles actores e axentes de cooperación con capacidade, experiencia ou valor para este ámbito de actuación, cunha especial atención ao sector educativo, ás entidades do Terceiro Sector e aos medios de comunicación social. A estratexia tomará como punto de partida os resultados tanto do diagnóstico como da avaliación das actividades de educación para o desenvolvemento da cooperación galega realizados no ano 2012.

L.A.7.2. Garantir a previsibilidade financeira das actividades de educación para o desenvolvemento

89. Este plan director asegurará a previsibilidade financeira da educación para o desenvolvemento garantindo a publicación e resolución das respectivas convocatorias anuais en educación para o desenvolvemento durante a vixencia deste Plan.

6. As modalidades e instrumentos de axuda

6. As modalidades e instrumentos de axuda

90. Ao longo dos últimos vinte anos a Xunta de Galicia ten ido ampliando o seu repertorio de instrumentos para canalizar os fondos destinados as actividades de cooperación. Durante a vixencia do II Plan director levouse a cabo unha ampla acción de mellora da súa funcionalidade, redacción e dos procedementos de xustificación das axudas. Ao tempo os formularios de presentación e xustificación das axudas foron reformados. En todo este proceso contouse coa colaboración e participación activa dos axentes de cooperación permitindo adecuar as convocatorias de axudas ás expectativas, intereses e capacidades dos diferentes axentes, malia que teñen sido as ONGD as que contribuíron máis activamente.
91. Este plan director impulsará un uso máis estratéxico das modalidades e instrumentos de axuda, corrixindo as limitacións dunha cooperación galega centrada no proxecto como instrumento maioritario de canalización da axuda. Con este fin deberase asegurar a calidade dos proxectos para que contribúan á eficacia da axuda a través dunha maior esixencia na adecuación da identificación e da formulación, na súa integración en marcos de planificación máis amplos, na súa orientación a resultados de desenvolvemento máis amplos ou no seu grao de atención ás prioridades transversais. Por último, a cooperación galega insistirá na esixencia de que os proxectos nazan de demandas, necesidades ou problemáticas das poboacións e comunidades socias de xeito que se asegure a súa participación inclusiva en todas as fases de xestión do ciclo do proxecto.

6.1. Convocatorias públicas

92. As convocatorias públicas de axudas constitúen a principal forma de canalización de fondos na cooperación galega, chegando ao 70% do total da axuda desembolsable entre 2010 e 2013. Este feito ten orixinado unha proliferación de axentes de cooperación, sobre todo ONGD, e unha fragmentación da axuda en numerosos proxectos cunha baixa dotación económica. O II Plan director corrixiu esta tendencia á fragmentación pero as limitacións orzamentarias impediron a publicación da convocatoria de programas de ONGD, instrumento central da axenda de reformas tendentes á corrección dos problemas de fragmentación, dispersión e proliferación da axuda galega. Non obstante, non se ten avanzado o suficiente na revisión das barreiras de entrada ás diferentes convocatorias que sofren os máis dos axentes de cooperación, xa que as bases das convocatorias recoñecen de forma exclusiva ás ONGD a capacidade para presentar propostas autonomamente ou liderando agrupacións de axentes, coa excepción da convocatoria de proxectos no exterior para outros axentes.
93. Con estas premisas, e en liña co anterior plan director, establecemos os seguintes principios xerais:
1. Todas as convocatorias deben centrarse preferentemente nas prioridades xeográficas, sectoriais e transversais.

6. As modalidades e instrumentos de axuda

2. Todos os formularios integrarán un apartado para a valoración das liñas transversais.
3. Todas as convocatorias de axudas a axentes de cooperación publicaranse preferentemente no primeiro trimestre do ano.
4. Todas as convocatorias de axudas a axentes de cooperación conterán incentivos para promover complementariedades entre os axentes.
5. Manterase o criterio de subvencionar os recursos humanos nos proxectos até o 70% do total do custe do proxecto.
6. Todas as convocatorias favorecerán a especialización dos axentes de cooperación.
7. En todas as convocatorias esixirase a inscrición previa no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación consonte ao establecido no seu regulamento.
8. Todas as propostas presentadas ás convocatorias serán avaliadas externamente -a non ser que existan capacidades específicas na DXRREE e UE- de xeito rigoroso, obxectivo e con criterios de calidade.
9. As valoracións globais das propostas será pública e os axentes poderán acceder ás valoracións particulares dos seus proxectos.
10. Analizarase caso por caso a pertinencia de favorecer a participación de todos os axentes nas convocatorias públicas de axudas, poñendo en valor as súas potencialidades e tendo en conta o papel das ONGD como aliados estratéxicos da cooperación galega. Este traballo centrarase fundamentalmente nas convocatorias de fortalecemento e consolidación na dimensión de capacitación, de microproxectos e de educación para o desenvolvemento.
11. O criterio de solvencia financeira determinará o grao e alcance das convocatorias que se convoquen en función dos recursos orzamentarios dispoñibles. Unicamente se garantizará a publicación estable da convocatoria de educación para o desenvolvemento.

94. Durante a vixencia deste plan director publicaranse en función dos recursos orzamentarios dispoñibles as seguintes convocatorias:

1. Proxectos no exterior.
2. Microproxectos no exterior.

6. As modalidades e instrumentos de axuda

3. Consolidación e fortalecemento.
4. Educación para o Desenvolvemento.
5. Convocatoria Aberta e Permanente de Acción Humanitaria.
6. Bolsas de formación de expertos/as en cooperación internacional.
7. Investigación para o Desenvolvemento.

6.2. Outros instrumentos

95. A cooperación galega tamén canaliza recursos a través da cooperación directa que inclúe os convenios de cofinanciamento. Estes últimos, como se establecía no anterior plan director resérvanse para financiar actividades que non poden ser financiadas a través das convocatorias públicas de axudas. Este instrumento empregárase nos seguintes casos:

1. Cando a urxencia e excepcionalidade das circunstancias non permitan empregar os procedementos regulados mediante convocatoria ordinaria.
2. Cando se definan accións cun alcance temporal medio e longo que requiran un marco de actuación previamente establecido.
3. Sempre que se acorden accións conxuntas con entidades que, pola súa natureza, non se poden acoller ás vías normalizadas de acceso a recursos públicos mediante convocatorias.
4. Cando se trate da promoción de proxectos ou programas de carácter rexional baseados na cooperación Sur-Sur e en promover a xeración de coñecemento a través do intercambio de experiencias nas prioridades sectoriais, como o caso do PROFOPAC.

96. A cooperación galega fomentará a cooperación técnica por parte das administracións públicas galegas mediante o asesoramento de persoal técnico especialista, a consultoría técnica, a prestación do traballo de persoal experto ou a provisión de servizos especializados. Fundamentalmente, esta cooperación técnica orientarase ao fortalecemento institucional das institucións rexionais e locais dos países socios dentro dos sectores de especialización da cooperación galega e das súas orientacións estratéxicas, apoiando os procesos de modernización da xestión das políticas públicas e de profesionalización da administración nos países socios, sobre todo naquelas áreas cun maior impacto na inclusión e cohesión social. Con este fin, as actuacións dos axentes e actores da cooperación galega no eido da cooperación técnica definiranse en diálogo cos socios

6. As modalidades e instrumentos de axuda

de desenvolvemento e respectarán os principios de eficacia da axuda, orientándose á xeración de capacidades locais sostibles nos diferentes planos do reforzo institucional: individual (habilidades técnicas, profesionais, técnicas ou directivas, etc.); organizativo (planificación estratéxica, estrutura organizativa e funcional, xestión financeira e orzamentaria, procedementos técnicos ou administrativos, xestión de recursos humanos, sistemas tecnolóxicos e de información, etc.), sectorial (marco xurídico e regulación sectorial, política sectorial, cobertura e calidade na prestación de servizos, etc.) e institucional (políticas públicas e administración pública, participación cidadá, Estado de Dereito, transparencia e bo goberno, etc.).

7. As aprendizaxes da cooperación galega: seguimento e avaliación

7. As aprendizaxes da cooperación galega: seguimento e avaliación

97. O modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento salienta dúas necesidades: en primeiro lugar, que a toma de decisións estratéxicas e operativas se realice con base en información de calidade e relevante que achegue datos, feitos e evidencias e, en segundo lugar, que se debe profundar na mellora dos instrumentos de seguimento e avaliación. Este ciclo de planificación promoverá a aprendizaxe organizativa do conxunto de axentes e actores da cooperación galega a través da apertura de espazos para o intercambio de coñecementos, boas prácticas e resultados. Esta liña de traballo demandará a asignación de recursos financeiros suficientes para dar continuidade ao impulso de prácticas de avaliación de calidade e orientadas á mellora continua en todas as actividades da cooperación.
98. Para operativizar esta proposta, artellarase un sistema de seguimento que facilitará información sobre os avances no cumprimento das prioridades e compromisos da cooperación galega e que permitirá a adecuación do plan aos cambios no contexto así como identificar os posibles atrancos na xestión e execución das medidas previstas. O sistema de seguimento estará integrado polos seguintes insumos que estarán accesibles á cidadanía galega e aos axentes e actores galegos de cooperación:
- Informes anuais de seguimento/Memorias de xestión anual.
 - Informes das avaliacións das intervencións en 3 países socios como mínimo.
 - Investigacións financiadas pola DXRREE e UE.
 - Informe da avaliación intermedia do III Plan director.
 - Informes das avaliacións dos proxectos xestionados polos axentes de cooperación.
99. Este plan director someterase a unha análise intermedia externa e independente do bienio 2014-2015 empregando os datos do sistema de seguimento. O fin desta avaliación será revisar en profundidade o progreso no cumprimento dos compromisos, valorar a adecuación das previsións do plan director aos novos contextos e detectar propostas de mellora para os resultados con dificultades na súa consecución. Os resultados desta avaliación difundiranse publicamente. No segundo semestre de 2017 levarase a cabo a avaliación final do III Plan director. Os resultados desta avaliación deberán presentarse coa antelación suficiente para que poidan orientar o novo ciclo de planificación. Será unha avaliación externa e independente e os seus resultados difundiranse publicamente.
100. Tanto no caso da avaliación intermedia como final, ambas as dúas deberán contribuír á aprendizaxe e facilitar o uso dos seus resultados en todos os niveis de responsabilidade. Ao tempo, empregaranse estes resultados para render contas á cidadanía, ao Goberno da

7. As aprendizaxes da cooperación galega: seguimento e avaliación

Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia, aos axentes e actores galegos de cooperación e mais aos socios de desenvolvemento.

8. Anexos

8. Anexos

8.1. Países prioritarios da cooperación galega e principais parámetros sociais e económicos



8. Anexos

CADRO 8: Principais parámetros económicos e sociais dos países prioritarios ⁽²⁾

PAÍS	REXIÓN	AXUDA TOTAL RECIBIDA DA COOPERACIÓN GALEGA (2010-2013)	PORCENTAXE SOBRE O TOTAL DE AXUDA GALEGA DESEMBOLSADA NO EXTERIOR (2010-2013) %	PIB PER CÁPITA (PPA US \$ 2012)	CLASIFICACIÓN SEGUNDO INGRESO	ÍNDICE DE DESENVOLVEMENTO HUMANO (IDH)
GUATEMALA	América Central	3.646.056	17,74	4.397	Medio baixo	0,581
PERÚ	América do Sur	2.603.113	12,67	9.422	Medio alto	0,741
R. DOMINICANA	Caribe	1.900.624	9,25	8.794	Medio alto	0,702
BOLIVIA	América do Sur	1.761.466	8,57	4.547	Medio baixo	0,675
ECUADOR	América do Sur	1.609.398	7,83	8.442	Medio alto	0,724
NICARAGUA	América Central	1.414.063	6,88	3.509	Medio baixo	0,599
HONDURAS	América Central	1.174.065	5,71	3.657	Medio baixo	0,632
O SALVADOR	América Central	1.070.562	5,21	6.124	Medio baixo	0,680
MOZAMBIQUE	África Subsahariana	678.626	3,30	882	Baixo (PMA)	0,327
CABO VERDE	África Subsahariana	260.408	1,27	3.609	Medio baixo	0,586
TOTAL:		15.857.973	78,43			

	CLASIFICACIÓN DO PAÍS SEGUNDO O IDH E POSICIÓN	POBOACIÓN EN CONDICIÓNS DE POBREZA MULTIDIMENSIONAL %	POBOACIÓN EN RISCO DE SUFRIR POBREZA %	POBOACIÓN EN POBREZA EXTREMA %	POBOACIÓN BAIXO A LIÑA DE POBREZA %	
					US\$1,25 AO DÍA EN PPA	LIÑA DE POBREZA NACIONAL
GUATEMALA	Medio (133)	25,9	9,8	14,5	13,5	51,0
PERÚ	Alto (77)	15,7	14,9	3,3	4,9	31,3
R. DOMINICANA	Medio (97)	4,6	8,6	0,7	2,2	34,4
BOLIVIA	Medio (108)	20,5	18,7	5,8	15,6	60,1
ECUADOR	Alto (89)	4,6	8,6	0,7	2,2	33,4
NICARAGUA	Medio (129)	28	12,4	11,2	11,9	46,2
HONDURAS	Medio (120)	32,5	22	11,3	17,9	60
O SALVADOR	Medio (107)	s.d.	s.d.	s.d.	s.d.	s.d.
MOZAMBIQUE	Baixo (185)	79,3	9,5	60,7	59,6	54,7
CABO VERDE	Medio (132)	s.d.	s.d.	s.d.	s.d.	s.d.

(2) Datos tomados do Informe de avaliación final do II Plan director da cooperación galega e mais de PNUD (2013), Informe sobre Desarrollo Humano 2013. El ascenso del Sur: Progreso humano en un mundo diverso, Nova York: Naciones Unidas.

8. Anexos

8.2. Distribución sectorial da AOD da Xunta de Galicia

A seguinte táboa presenta o criterio empregado pola DXRREE e UE para a asignación dos códigos CRS durante a vixencia do *II Plan director da cooperación galega*. Esta táboa é orientativa e non abrangue o conxunto de actuacións susceptibles de ser financiadas pola cooperación galega durante a vixencia do *III Plan director da cooperación galega*.

CADRO 9: Distribución sectorial da AOD da Xunta de Galicia 2010-2013

CÓDIGO SECTOR	DESCRIPCIÓN SECTOR	CÓDIGO SECTOR	DESCRIPCIÓN SECTOR
COBERTURA DE NECESIDADES SOCIAIS BÁSICAS		PARTICIPACIÓN SOCIAL, DESENVOLVEMENTO INSTITUCIONAL, BO GOBERNO E CONSTRUCCIÓN DA PAZ	
111	Educación, nivel non especificado	151	Goberno e sociedade civil
112	Educación básica	ACCIÓN HUMANITARIA	
121	Saúde xeral	720	Axuda de emerxencia
122	Saúde básica	730	Axuda á reconstrución e rehabilitación
130	Programas/políticas sobre poboación e saúde reprodutiva	740	Prevencción de desastres
140	Abastecemento de auga e saneamento	93010	Axuda a refuxiados no país doador
16010	Servizos sociais	EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO	
16040	Vivendas de baixo custo	99820	Sensibilización sobre problemas relacionados co desenvolvemento
16050	Axuda multisectorial para servizos sociais básicos	INVESTIMENTO NO SER HUMANO	
520	Axuda alimentaria para o desenvolvemento/Axuda á seguridade alimentaria	11330	Formación profesional
INFRAESTRUTURA E PROMOCIÓN DO TECIDO ECONÓMICO		11420	Educación universitaria
16020	Política de emprego e xestión administrativa	99810	Bolsas de formación expertos
250	Empresas e outros servizos	XESTIÓN AMBIENTAL SUSTENTABLE E HÁBITAT	
311	Agricultura	312	Silvicultura
313	Pesca	410	Protección xeral do ambiente
321	Industria	CONSOLIDACIÓN E FORTALECIMENTO DE AXENTES	
332	Turismo	92010	Apoio a ONG nacionais
430	Outros multisectorial	SECTORES CAD NON ADSCRITOS AOS SECTORES ANTERIORES	
		99810	Accións non identificadas (fomento da cooperación)

8. Anexos

8.3. Marco de resultados de xestión do III Plan director da cooperación galega (2014-2017)

R.X.1. A COOPERACIÓN GALEGA ALIÑA O SEU MARCO NORMATIVO, ESTRATÉXICO E OPERATIVO COA AXENDA GLOBAL DE DESENVOLVEMENTO		
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES ⁽³⁾	PRODUTOS
L.A.1.1.1. Actualizar o marco normativo da cooperación galega.	I.1.1.1. Unha nova Lei Galega de Cooperación para o Desenvolvemento aprobada.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lei Galega de Cooperación para o Desenvolvemento aprobada. 2. Normativa de subvencións adaptada á cooperación para desenvolvemento. 3. Órganos de coordinación e participación renovados.
L.A.1.1.2. Reforzar a coherencia de políticas en todos os niveis da administración pública galega.	I.1.2.1. N° de xuntanzas do grupo de traballo cos distintos departamentos da Xunta de Galicia para incorporar nos seus pregos de cláusulas os criterios de comercio xusto e compra pública responsable nas súas compras e adquisicións.	<ol style="list-style-type: none"> 4. Grupo de traballo en funcionamento. 5. Informe de seguimento do Pacto Galego contra a Pobreza realizado.
L.A.1.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios en cooperación ao desenvolvemento.	I.1.3.1. O programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014.	<ol style="list-style-type: none"> 6. Orzamento do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento aprobado.
L.A.1.1.4. Dar continuidade aos procesos de mellora da funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda.	<p>I.1.4.1. 70%-75% da axuda desembolsable da DXRREE e UE distribuída a través de convocatoria e o 25%-30% restante a través de convenios.</p> <p>I.1.4.2. N° de convocatorias de axudas de microproxectos, fortalecemento e consolidación de axentes e educación para o desenvolvemento abertas ao liderado do conxunto de axentes de cooperación.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 7. Convenios formalizados 8. Convocatorias de axudas convocadas e resoltas. 9. Bases revisadas das convocatorias de microproxectos, fortalecemento e consolidación de axentes e educación para o desenvolvemento.

(3) Os indicadores teñen como horizonte temporal o remate da vixencia do III Plan director no 2017.

8. Anexos

R.X.2. A COOPERACIÓN GALEGA CONCENTRA A SÚA AXUDA NO EXTERIOR CON CRITERIOS DE EFICACIA		
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUCTOS
L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 10 países socios.	I. 2.1.1. Como mínimo entre o 75% e o 80% da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concéntrase nos 10 países socios da cooperación galega.	10. Convenios e convocatorias executados nos países prioritarios.
L.A.2.2. Aliñar as actuacións da cooperación galega cos marcos de asociación país da cooperación española e coas políticas públicas dos países socios.	I. 2.2.1. Valoración nas bases das convocatorias de proxectos no exterior do grao de aliñamento cos MAP e as políticas públicas dos países socios.	11. Formularios de presentación de proxectos no exterior con apartado específico. 12. Criterios de valoración establecidos nas bases das convocatorias de proxectos no exterior.
L.A.2.3. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos Países Menos Adiantados.	I. 2.3.1. Como mínimo un 15% da axuda desembolsada no exterior pola DXRREE e UE destinada aos Países Menos Adiantados.	13. Proxectos no exterior executados en Países Menos Adiantados.
L.A.2.4. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais.	I. 2.4.1. Como mínimo un 15% da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE dirixida a actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dean continuidade a intervencións previas.	14. Proxectos con marcos de planificación plurianual financiados.

8. Anexos

R.X.3. A COOPERACIÓN GALEGA ESPECIALIZA A SÚA AXUDA NOS SECTORES NOS QUE CONTA CON VALOR ENGADIDO OU VANTAXES COMPARATIVAS		
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS
L.A.3.1. Fortalecer a especialización sectorial da cooperación galega.	I. 3.1.1. Entre o 80% e o 90% da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concéntrase nos 7 sectores de especialización.	15. Proxectos no exterior executados nos sectores de especialización. 16. 1Proxectos e intervencións executadas en cada un dos sectores.
L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade.	I.3.2.1. Como mínimo un 50% da axuda desembolsada en acción humanitaria pola DXRREE e UE canalizouse por medio de convocatoria pública. I.3.2.2. Como mínimo un 10% da axuda desembolsada pola DXRREE e UE en acción humanitaria destínase á redución de riscos e á resiliencia.	17. Convocatorias Aberta e Permanente de Acción Humanitaria resoltas. 18. Proxectos e convenios en acción humanitaria financiados.

R.X.4. OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA COORDINAN E COMPLEMENTAN AS SÚAS ACTUACIÓNS PARA CONTRIBUIR A RESULTADOS DE DESENVOLVEMENTO		
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS
L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.	I.4.1.1. Achegas económicas ao Fondo Humanitario Común coordinado pola AECID realizadas pola Xunta de Galicia. I.4.1.2. Nº de xuntanzas da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento e dos Encontros de comunidades autónomas e Cooperación nos que participa a Xunta de Galicia.	19. Achegas económicas ao Fondo Humanitario Común realizadas. 20. Xuntanzas da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento da cooperación española celebradas. 21. Encontros de comunidades autónomas e Cooperación celebrados.
L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos actores e axentes galegos de cooperación.	I.4.2.1. Nº de alianzas de traballo multiactor con financiamento internacional con outros actores e axentes da cooperación galega establecidas. I.4.2.2. Como mínimo, un 30% da axuda total desembolsada a través das convocatorias aos axentes de cooperación da DXRREE e UE financia proxectos en agrupación.	22. Alianzas de traballo establecidas. 23. Proxectos en agrupación financiados.

8. Anexos

R.X.5. OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA UN MAIOR ALCANCE DAS SÚAS ACTUACIÓNS		
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS
L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e UE.	<p>I.5.1.1. Nº de persoas asistentes ao curso de capacitación en xestión orientada a resultados de desenvolvemento dirixido ao persoal da DXRREE e UE e ao resto de actores e axentes de cooperación realizado.</p> <p>I.5.1.2. Nº de asistencia técnicas orientadas ao reforzamento de capacidade da DXRREE e UE en acción humanitaria, avaliación e educación para o desenvolvemento.</p>	<p>24. Curso sobre xestión orientada a resultados de desenvolvemento celebrado.</p> <p>25. Asistencia técnicas realizadas.</p>
L.A.5.2. Apoiar a formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación.	<p>I.5.2.1. 4% da axuda total desembolsada centrada na consolidación e fortalecemento de axentes cunha atención específica á CGONGD e ao FOGACOSOL.</p> <p>I.5.2.2. Nº de bolsas de formación de expertos/as, convenios coas universidades e convocatorias de fortalecemento e consolidación de ONGD financiadas.</p> <p>I.5.2.3. Nº de participantes nas actividades de formación do sector empresarial para mellorar a súa responsabilidade social empresarial en cooperación ao desenvolvemento e na investigación sobre o papel da empresa galega na cooperación para o desenvolvemento.</p>	<p>26. Proxectos de consolidación e fortalecemento de axentes financiados.</p> <p>27. Convenios asinados anualmente coa CGONGD e co FOGACOSOL e convocatorias de fortalecemento e consolidación de ONGD resultas.</p> <p>28. Bolsas de formación de expertos/as concedidas.</p> <p>29. Estudo sobre as achegas das empresas galegas ao desenvolvemento nos países socios realizado.</p> <p>30. Curso de formación en RSE no eido da cooperación ao desenvolvemento.</p>
L.A.5.3. Fortalecer a capacidade dos axentes galegos de cooperación para diversificar as súas fontes de financiamento.	I.5.3.1. Nº de participantes en actividades de formación especializada en captación de fondos privados e públicos cunha atención especial ao financiamento europeo e internacional.	31. Formacións especializadas en captación de fondos realizadas.
L.A.5.4. Consolidar o investimento en recursos humanos especializados dos axentes galegos de cooperación.	I.5.4.1. Até o 70% do custo total do proxecto nas convocatorias e convenios permite financiar gastos en recursos humanos.	32. Bases das convocatorias publicadas.

8. Anexos

R.X.6. A CIDADANÍA GALEGA ACCEDE A UNHA INFORMACIÓN DE CALIDADE SOBRE OS LOGROS COLECTIVOS DA COOPERACIÓN GALEGA NA LOITA CONTRA A POBREZA		
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS
L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación.	<p>I.6.1.1. Grao de dispoñibilidade de información actualizada sobre todas as actividades da DXRREE e UE en cooperación na páxina web da cooperación galega.</p> <p>I.6.1.2. N° de publicacións e actividades de difusión anual dos resultados da cooperación galega.</p>	<p>33. Páxina web da cooperación galega actualizada.</p> <p>34. Informes anuais da cooperación galega difundidos.</p>
L.A.6.2. Promover unha cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe organizativa no sistema galego de cooperación.	<p>I.6.2.1. Unha avaliación intermedia de seguimento e unha avaliación final externas e independentes da execución do III Plan director da cooperación galega realizadas e difundidas.</p> <p>I.6.2.2. N° de proxectos financiados a través da convocatoria de investigación para o desenvolvemento dirixida aos grupos e centros de investigación das universidades galegas.</p> <p>I.6.2.3. N° de avaliacións das intervencións financiadas nun mínimo de 3 países socios realizadas e difundidas.</p>	<p>35. Avaliación intermedia do III Plan director realizada.</p> <p>36. Avaliación final do III Plan director realizada.</p> <p>37. Convocatoria de investigación para o desenvolvemento resolta.</p> <p>38. Avaliacións de proxectos no exterior realizadas.</p>

R.X.7. A COOPERACIÓN GALEGA MELLORA A PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DAS ACTUACIÓNS EN EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO		
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS
L.A.7.1. Definir un marco estratéxico de acción en educación e comunicación para o desenvolvemento.	I.7.1.1. N° de axentes e actores participantes no deseño da estratexia da cooperación galega en educación e comunicación para o desenvolvemento.	39. Estratexia de Educación para o Desenvolvemento da cooperación galega deseñada de xeito participativo.
L.A.7.2. Garantir a previsibilidade financeira das actividades de educación para o desenvolvemento.	I.7.2.1. N° de convocatorias de educación para o desenvolvemento publicadas e resoltas.	40. Convocatorias de educación para o desenvolvemento resoltas.

